



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 3 de maio de 2019

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D^a. Olga Alonso Suárez
M^a José Caride Estévez

Invitados

D^a. Ana Laura Iglesias González

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e dez minutos do día 3 de maio de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(342).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 25 de abril de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(343).- CORRECCIÓN DE ERROS NO PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRO DE ORDENADORES DE SOBREMESA, MONITORES, PORTÁTILES, TABLETS E CLIENTES LIXEIROS. EXPTE. 8752/113.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 29/04/19, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o **17 de abril de 2019**, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente coa finalidade de realizar a contratación por procedemento aberto do subministro de ordenadores de sobremesa, monitores, portátiles, tablets e clientes lixeiros.

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado en data 01/04/2019.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Técnicas Particulares, de data 11/03/2019 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica

CUARTO.- Autorizar o gasto de 120.000,00 €, que inclúe un IVE de 20.826,45 €, desde o 1 de Maio de 2019, o cal se imputará a partida 9207. 6260000 (EQUIPOS INFORMATICOS) dos exercicios 2019 e 2020 segundo o seguinte detalle;

Anualidades:

Exercicio	Importe
2019	60.000,00 €
2020	60.000,00 €

QUINTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás Administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

No caso que nos ocupa advertiuse o seguinte erro no prego de Prescricións Técnicas no punto 2.1.b (Monitores)



Concello de Vigo

Onde di: Brillo: 500 cd/m2.

Contraste Real 1000:1

Debe decir: Brillo 250 cd/m2 ou superior.

Contraste Real 1000:1 ou superior.

ACORDO

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º-“Rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de abril de 2019 no referido á aprobación do Prego de Prescricións Técnicas para a CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ORDENADORES DE SOBREMESA, MONITORES, PORTÁTILES, TABLETS E CLIENTES LIXEIROS”. EXPTE. 8752/113.” que o punto 2.1.b quedará redactado da seguinte forma:

b)Monitores (180 monitores)

O número mínimo estimado de monitores é de 180 e as características mínimas son:

- Tamaño mínimo: 23.8” (16x9)
- LCD TN o IPS.
- Peana Pivorable y ajustable en altura.
- Resolución mínima 1920x1080.
- Tempo de resposta 5ms o **inferior**.
- Brillo: Brillo 250 cd/m2 ou superior.
- Contraste Real 1000:1 ou superior.
- HDMI ou DVI , e VGA. Debe incluír os correspondentes cables (HDMI, DVI e VGA) un de cada.

2º.- Dar conta á oficina de contratación para os trámites oportunos”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(344).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS (RELACIÓN 3/2019). EXPTE. 12117/111.

Dáse conta do informe-proposta de data 29/04/19, asinado polo xefe da Área Xudicial da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:
XGL relación 3/2019

1.- Contencioso. Expediente nº 9636/111
Sentenza nº 104 do 22 de febreiro de 2019
TSXG, Sala do Contencioso-Administrativo, Secc. 2ª de A Coruña
APELACION 4356/2017
Ordinario: 68/2016
Obxecto: Rectificación inventario solicitada respecto do Camiño do Pugariño, Teis.
Expte(s): 1734/244
Contía: (Indeterminada)

Resolve a apelación dos demandantes contra a sentenza de instancia, desestimando o recurso, con confirmación da sentenza nº 164/2017 e do acto administrativo, sen custas.

O departamento de Patrimonio-IMB e D, e a XMU, deben coñecer o resolto. A sentenza ten interese xeral en relación coa cuestión do carácter público de camiños e tramos viarios, en canto cuestión de proba e elementos probatorios relevantes.

Proc. Orixe 68/2016 P.O. Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, sentenza n.º 164 do 13/06/2017 (comunicada na X.G.L. do 27/07/2017)

2.- Contencioso. Expediente nº 9662/111
Sentenza nº 110 do 22 de febreiro de 2019
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Ordinario: 109/2016
Obxecto: Anulación licenza vao de entrada de vehículos.
Expte(s): 83738-210
Contía: (Indeterminada)

Esta sentenza, firme, desestima o recurso de apelación con imposición de custas á apelante.

A sentenza considera que ao existir en trámite un expediente de investigación patrimonial, non procede resolver sobre unha cuestión de titularidade, que ademáis non resulta competencia da orde contencioso-administrativa. A demanialidade non se constrúe con base en presuncións. Ao que se engade neste preito o feito que, o condiciona, de que a actuación municipal provén dun preito anterior.



Concello de Vigo

O Servizo de Seguridade debe coñecer o resolto.

3.- Social. Expediente nº 10976/111

Sentenza nº 188 do 6 de marzo de 2019

Xulgado do Social (Reforzo) nº 1 de Vigo

Despedimento obxectivo individual: 837/2017

Obxecto: Demanda de impugnación de despedimento nulo ou subsidiariamente improcedente

Esta sentenza, que non é firme, desestima a demanda e absolve ao Concello.

Os departamentos de Fomento e Persoal deben coñecer o resolto.

4.- Contencioso. Expediente nº 11402/111

Sentenza nº 47 do 21 de marzo de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 131/2018

Obxecto: acordo da X.G.L. do 21/12/2017 desestimatorio de r/reposición formulado contra outro do 05/10/2018, polo que se aprobou unha segunda revisión de prezos do contrato de subministrados de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para vías e obras, revisión anualidade 24/10/2015 ATA 23/10/2016 e revisión anualidade 24/10/2016 ata 23/10/2017.

Expte(s): 68814/250

Contía: 85.907,40 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso promovido por unha empresa contratista do Concello contra a resolución de revisión de prezos do contrato de subministración de mesturas bituminosas. Sen imposición de custas.

Considera que a posición da demandante pasa polo cumprimento da totalidade das cláusulas contractuais, expresamente asumidas. Nin procede argumentar unha alteración da natureza do contrato, nin a aplicación dos índices de revisión de prezos para un único subministro ou varios, etc.

Tamén se desbota a aplicación da Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, polo ámbito temporal de vixencia do contrato. O contrato prorrogouse nas condicións estipuladas, e coa expresa aceptación da contratista, sen que se producise variación ningunha.

O Servizo de Contratación, Tesourería e a Área de Fomento deben coñecer do resolto.

5.- Contencioso. Expediente nº 11458/111

Sentenza nº 49 do 21 de marzo de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 180/2018

Obxecto: resolución do Concello de Vigo de data 26/02/2018 que inadmite a solicitude de revisión da resolución que aproba as liquidacións do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

Expte(s): 32863/502

Contía: (Indeterminada)

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso.

O departamento de Ingresos (IIVTNU) e a Inspección de tributos deben coñecer o resolto.

6.- Contencioso. Expediente nº 11481/111

Sentenza nº 101 do 1 de abril de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra

Abreviado: 4/2018

Obxecto: resolucións do Concello de Vigo de data 20/10/2017 ditadas sobre expedientes sancionadores por infraccións de tráfico.

Expte(s): 178645119 e 178645133

Contía: 1.200,00 €

A sentenza que se comunica coñeceu de dúas resolucións ditadas en dous expedientes sancionadores, nos que os feitos consistiron en circular superando os límites de velocidade establecidos para esa vía.

A pesares das dúbidas fácticas que a propia xulgadora pon de manifesto en canto ao relato e alegatos da parte demandante, que mesmo chega formular denuncia por uso de vehículo, e se dubida da súa estratexia, estima a demanda pola concorrencia de varios factores: afalta de traslado do informe da Policía Local á interesada-sancionada, a acreditación indubitada da comisión da infracción...

Sen embargo, a sentenza leva a cabo un pronunciamento expreso sobre a posibilidade de que o Concello de Vigo incoe fronte ao conductor identificado o expediente sancionador por identificar inverazmente ao conductor/a.

Anúlense as sancións, con obriga de devolución das cantidades e os xuros procedentes. O Servizo de Seguridade debe proceder á execución da sentenza e á incoación do expediente sancionador.

7.- Social. Expediente nº 11518/111

Decreto nº 193 do 23 de abril de 2019

Xulgado do Social nº 3 de Vigo

Ordinario: 282/2018

Obxecto: Reclamación cantidades fronte a Clece e outros, regulación de nóminas e indemnización.

Esta resolución decreta o arquivo do procedemento, ao aceptar o desistimento do actor, presentado sen oposición por parte da demandada principal, a empresa Clece S.A., contratista municipal.

Na demanda se reclamaban cantidades adebedadas pola empresa ao actor.

A Área de Benestar Social debe coñecer do resolto.

8.- Social. Expediente nº 11582/111

Decreto nº 190 do 17 de abril de 2019

Xulgado do Social nº 3 de Vigo

Ordinario: 486/2018

Obxecto: Reclamación de cantidades, indemnización polos servizos presentado no programa de intervención familiar



Concello de Vigo

Esta resolución, declara rematado o procedemento e decreta o seu arquivo por desistimento da demandante.

A demandada era a empresa Clece S.A. e o reclamado eran cantidades adebedadas pola empresa á traballadora.

A Área de Benestar Social debe coñecer do resolto.

9.- Contencioso. Expediente nº 11583/111

Providencia do 4 de abril de 2019

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1 de A Coruña

Recurso de apelación: 167/2018

Obxecto: resolución ditada o 23/02/2017 da XGL, por desestimación recurso alzada contra lista de puntuacións finais e a proposta de nomeamento para praza vacante de Conductor-Bombeiro

Expte(s): 29374/220

Contía: (Indeterminada)

Esta resolución inadmite o recurso de casación por non concorrer ningún dos supostos legalmente tasados que permiten apreciar o interese casacional obxectivo do recurso.

O recurso de orixe referíase á impugnación da resolución municipal de nomeamento dos aspirantes que superaron o proceso selectivo para a praza de conductor-bombeiro.

A Área de Recursos Humanos debe coñecer desta resolución, que remata o procedemento en canto posibilidades de impugnación.

Proc. Orixe 146/2017 P.A. Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 1 de Vigo, sentenza n.º 261 do 07/11/2017 (comunicada na XGL do 14/12/2017).

10.- Social. Expediente nº 11624/111

Sentenza do 24 de abril de 2019

TSX Galicia, Sala do Social, de A Coruña.

Recurso de suplicación: 4607/2018

Obxecto: Centros Cívicos, "cesión ilegal".

Expte(s): 24289/220

Esta sentenza, fronte á que só cabe a promoción dun recurso de casación en unificación de doutrina, estima parcialmente o recurso da parte demandante, nunha cuestión de natureza estritamente procesual.

Ordénalle á letrada da Administración de Xustiza incluír na taxación de custas os honorarios de letrado, e a practicar a liquidación de xuros do art.29.3 do estatuto dos traballadores.

A Asesoría Xurídica debe coñecer do resolto.

Proc. Orixe 233/2014 P.O. Xulgado do Social N.º 4 de Vigo, sentenza n.º 236 do 22/04/2016 (comunicada na X.G.L. do 12/05/2016).

11.- Social. Expediente nº 11651/111

Sentenza nº 156 do 25 de marzo de 2019

Xulgado do Social nº 4 de Vigo

Ordinario: 558/2018

Obxecto: Recoñecemento de dereitos e reclamación de cantidade, contrato de traballo coa empresa Emsebur, SL.

Contía: 4.744,47 €

Esta sentenza, que non é firme e fronte a que cabe recurso de suplicación, desestima o recurso do actor, considerando que ningún dos conceptos reclamados pode acollerse.

Ademáis da falta de proba, concorren circunstancias como as apreciacións das sentenzas do contencioso-administrativo que anularon as sancións impostas pola Inspección de Traballo á empresa, que fixeron decaer outras alegacións. Varios dos conceptos reclamados carecen de acomodo no convenio colectivo de aplicación.

O Servizo de Medio Ambiente debe coñecer o resolto.

12.- Contencioso. Expediente nº 11702/111

Sentenza nº 70 do 13 de marzo de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 335/2018

Obxecto: resolución do Concello de Vigo do 20/09/2017 ditada polos danos sufridos por mor dunha caída na escalinata que conecta o Mercado da Pedra e a rúa Pescadería.

Expte(s): 5197/243

A sentenza que é firme, desestima o recurso contencioso-administrativo interposto contra a resolución do Concelleiro delegado de Patrimonio que denega a reclamación de responsabilidade patrimonial polas lesións padecidas polo recorrente logo dunha caída na vía pública, e imposición de custas.

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

13.- Contencioso. Expediente nº 11710/111

Sentenza nº 82 do 20 de marzo de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 325/18

Obxecto: Desestimación presunta da reclamación de RPA polos danos sufridos por mor dunha caída no Paseo da Laxe o día 23/05/2018

Expte(s): 5477/243

Contía: 7.596,30 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

14.- Contencioso. Expediente nº 11722/111

Sentenza nº 74 do 13 de marzo de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 348/2018

Obxecto: resolución do 18/07/2018 desestimatoria do recurso de reposición formulado en expediente sancionador.

Expte(s): 188600512



Concello de Vigo

A sentenza que é firme, desestima o recurso contencioso-administrativo contra a resolución do Concelleiro delegado da Área de Mobilidade e Seguridade que a súa vez desestimou o recurso de reposición interposto fronte a resolución que lle impuxo ao recorrente unha sanción de 200 euros e retirada de 3 puntos do carnet, por conducir utilizando manualmente o teléfono móbil, con imposición de costas ao recorrente.

O departamento de Seguridade debe coñecer o resolto.

15.- Social. Expediente nº 11762/111

Sentenza do 22 de abril de 2019

TSX Galicia, Sala do Social de A Coruña

Recurso de suplicación: 303/2019

Obxecto: Impugnación despedimento nulo ou subsidiariamente improcedente

Esta sentenza, fronte a que só cabe presentar recurso de casación para unificación de doutrina, desestima o recurso de suplicación desta traballadora da Faimevi, e confirma íntegramente a sentenza de instancia, desestimatoria do despedimento.

Na sentenza négase a revisión de feitos declarados probados, e se argumenta por remisión a outra anterior tamén da mesma fundación, que a situación da fundación era insostible dende o punto de vista económico así como que a súa extinción se produciu por causa legal, desaparecendo a súa persoalidade xurídica.

A Área de Fomento debe coñecer do resolto.

Proc. Orixe 854/2017 DOI Xulgado do Social N.º 4 de Vigo, sentenza do 17/10/2018 (comunicada na X.G.L. do 29/11/2018).

16.- Social. Expediente nº 11764/111

Sentenza do 12 de abril de 2019

TSX Galicia, Sala do Social de A Coruña

Recurso de suplicación: 427/2019

Obxecto: Impugnación de despedimento nulo ou subsidiariamente improcedente no marco do procedemento de despido colectivo

Esta sentenza, non é firme e contra a mesma só cabe a interposición dun recurso de casación en unificación de doutrina, desestima o recurso e confirma a sentenza de instancia. A sentenza desestima a solicitude de revisión de feitos considerados probados, e considerou que concorreu a esixencia da boa fe durante o periodo de consultas e negociación do despedimento colectivo.

Por outro lado, a fundación para a que prestaba servizos o demandante extinguiuse por causas legais, nas que o órgano xurisdiccional non entrou a resolver. Sí se pronunciou sobre o estado de suficiencia financeira da fundación empregadora, con perdas, considerando que foi en primeira instancia ese estado o que provoca a extinción da persoalidade xurídica da mesma, imposta ademais por mandato do Ministerio. A única nota diferenciadora do contrato con respecto ao resto de asuntos conexos, era o contrato de alta dirección do actor, o que non foi obxecto de pronunciamento tampouco pola Sala do TSXG.

A Área de Fomento e a Tesourería do Concello deben coñecer do resolto.

Proc. Orixe 963/2017 Xulgado do Social N.º 4 de Vigo, sentenza n.º 421 do 15/10/2018 (comunicada na X.G.L. do 29/11/2018).

17.- Contencioso. Expediente nº 11771/111
Sentenza nº 106 do 29 de marzo de 2019
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 387/2018

Obxecto: resolución de data 10/07/2018 pola que se impón sanción por infracción en materia de tráfico con retirada de puntos.

Expte(s): 188660730

Contía: 400,00 €

A sentenza desestima o recurso e considera que a actuación administrativa foi conforme a dereito. Foi obxecto de revisión unha sanción por superar os límites de velocidade.

A resolución considera que os feitos figuran recoñecidos, e que constitúen un acto propio da demandante. Cúmrese co principio de tipicidade, e o instrumento de medición cumpría con tódalas esixencias legais, estando calibrado e axustado ás Ordes que regulan este tipo de aparellos.

Se lle impoñen as custas á demandante no importe de 150 euros.

O Servizo de Seguridade debe coñecer do resolto.

18.- Contencioso. Expediente nº 11833/111
Sentenza nº 96 do 25 de abril de 2019
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 463/2018

Obxecto: desestimación, por silencio de reclamación, por ingresos indebidos IVTNU derivados da venda do inmovible sito na rúa de Rosalía de Castro num. 58-5F.

Expte(s): 14217/514

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.

Acolle os nosos tres alegatos: inadmisión por non ter esgotado a vía administrativa previa, prescrición e refutación dos alegatos sobre o fondo.

A Administración de Tributos (IIVTNU) debe coñecer o resolto.

19.- Social. Expediente nº 11834/111
Sentenza nº 214 do 11 de abril de 2019
Xulgado do Social nº 2 de Vigo
Seguridade social: 813/2018

Obxecto: Reclamación de mellora voluntaria derivada de enfermidade profesional

Esta sentenza, que non é firme, estima o recurso e condena ao Concello de Vigo -en exclusiva- a satisfacer ao demandante coa cantidade de 28.000€ en concepto de indemnización por mor da incapacidade permanente total recoñecida pola administración competente, ao recoller o convenio colectivo da construción para a provincia de Pontevedra esta indemnización.



Concello de Vigo

Este traballador demandante figurou contratado nun plan de emprego coa categoría profesional de peón, e manifestou unha imposibilidade de desenvolver as súas funcións, recoñecida a nivel médico, que rematou co recoñecemento formal da incapacidade permanente total. Cando se resolveu, a súa relación laboral co Concello xa rematara.

A sentenza considera aplicable tal convenio ao traballador, por non existir outra regulación específica. Canto á cobertura desta cantidade por parte da aseguradora emprazada e codemandada, considerou que non comprendía a incapacidade permanente total derivada de enfermidade profesional.

Para o caso de que non se motive a presentación do recurso de suplicación, fundadamente, deberá executarse a sentenza no prazo legal previsto.

A Área de Recursos Humanos e o Servizo de Emprego e Participación Cidadá deben coñecer do resolto e executar a sentenza, no seu caso.

20.- Social. Expediente nº 11839/111

Decreto do 4 de abril de 2019

Xulgado do Social nº 1 de Vigo

Seguridade social: 517/2018

Obxecto: Contra determinación de continxencias incapacidade temporal.

Por medio desta resolución, se ten por desistido ao recorrente por transcorrer o prazo para o recurso de suplicación anunciado e ao non constar presentado, a norma procesual recolle como consecuencia a do desistimento do recurso.

Determinación de continxencia dun traballador do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.

A Área de Recursos Humanos e a Xefatura do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento deben coñecer do resolto

21.- Contencioso. Expediente nº 11909/111

Decreto nº 35 do 20 de marzo de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 16/2019

Obxecto: Contra desestimación por silencio da reclamación de RPA polos danos materiais ocasionados nun vehículo da súa propiedade o 28/04/2018.

Expte(s): 180091522

Acepta o desistimento da actora (resolución expresa serodia do 14/03/2019 E.P., imputación á cotratista).

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

22.- Social. Expediente nº 11917/111

Sentenza nº 246 do 5 de abril de 2019

Xulgado do Social nº 1 de Vigo

Ordinario: 40/2019

Obxecto: Recoñecemento de dereitos e reclamación de cantidades

Esta sentenza, firme, estima parcialmente a demanda interposta polo demandante, e condena á empresa ao pagamento da cantidade de 20 euros, absolvendo ao Concello de Vigo.

O traballador presta servizos na sociedade contratista do servizo de salvamento e socorrismo en praias, contrato administrativo xestionado polo Servizo de Medioambiente. A sentenza desestima tódalas solicitudes agás a da axuda para a adquisición de accesorios non facilitados pola empresa. Razón que xustifica a condena por non acreditarse que se lle abonase.

O Servizo de Medioambiente debe coñecer do resolto.

23.- Contencioso. Expediente nº 11924/111

Decreto do 20 de marzo de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 34/2019

Obxecto: resolución do 09/11/2018 desestimatoria da reclamación económico-administrativa formulada fronte á desestimación presunta de solicitude de rectificación e devolución de ingresos indebidos- autoliquidación do IIVTNU do Concello de Móstoles.

Expte(s): 4741/550

Acepta o desistimento da actora.

O Tribunal Económico Administrativo e o Servizo de Ingresos (IIVTNU) deben coñecer o resolto.

24.- Contencioso. Expediente nº 11938/111

Decreto nº 13 do 10 de abril de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 37/2019

Obxecto: Por danos ocasionados na bodega nº 15 sita no soto do garaxe do edificio nº 40 da rúa Vía Norte, por mor das obras de humanización levadas a cabo no mes de xaneiro de 2017.

Expte(s): 5475-243

(Resolución expresa, E.P. con imputación, do 07/03/2019)

Ten por desistido ao demandante, co arquivo das actuacións.

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

25.- Contencioso. Expediente nº 11993/111

Decreto nº 49 do 10 de abril de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 71/2019

Obxecto: desestimación presunta de devolución de garantía constituída mediante seguro de caución do contrato para mantemento integral das instalacións electrónicas dos túneles, pasos inferiores da cidade.

Expte(s): 15341/444

Ten por desistida á demandante, co arquivo de actuacións.

O departamento de Contratación debe coñecer o resolto.



Concello de Vigo

(Resolución serodia expresa do 21/03/2019, expediente 5849/241)

26.- Contencioso. Expediente nº 12008/111

Decreto nº 50 do 10 de abril de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 82/2019

Obxecto: desestimación presunta da reclamación da devolución da garantía por importe de 39615,54euros, constituída para responder das obrigas derivadas do contrato do servizo de mantemento dos tuneis e pasos inferiores da cidade de Vigo

Expte(s): 374-440

Ten por desistido á actora (resolución expresa serodia do 20/03/2019).

O departamento de Contratación debe coñecer o resolto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto ex art. 118 da Constitución e o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.
- II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.
- III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúa que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.
- IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no caso deste administración municipal ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, de ser outro caso, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta, Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou atendendo á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.
- V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, dase conta a ese órgano, das resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á debida e puntual execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

4(345).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “FUNDACIÓN CASA DE CARIDAD – HOGAR S. JOSÉ” (CIF 36626174) PARA O SOSTEMENTO DO COMEDOR SOCIAL “LA ESPERANZA” E A UNIDADE DE HIXIENE VINCULADA. EXPTE. 180812/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 05/04/19 e o informe de fiscalización do 29/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 05/04/19, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Na necesidade de atender ás persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social reside a conveniencia de articular un sistema de axudas públicas a asociacións sen ánimo de lucro e institucións que teñan como obxectivo a atención inmediata a este colectivo.

II. Dentro destas asociacións ou institucións, a Concellería de Política Social do Concello de Vigo ven traballando desde hai tempo coa “Fundación Casa de Caridad – Hogar S. José”, entidade colaboradora que presta un servizo inestimable que cubre as carencias da estrutura municipal actual no tocante á atención de necesidades básicas de persoas en estado de necesidade mediante o comedor social “La Esperanza”, que ofrece, ademais de comedor a mediodía, servizo de duchas e un roupeiro para homes e mulleres. Estímase conveniente a continuación desta colaboración para os exercicios de 2019, 2020 e 2021.

III. Para tal efecto, no orzamento da Concellería de Política Social do ano 2019 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.05 - “*Convenio Comedor da Esperanza*” (23.000€). As subvencións previstas para os exercicios posteriores de 2020 e 2021 (outros 23.000€/ano) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos.

IV. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

V. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais*



Concello de Vigo

previsto nela» e que «non se entenderá como exercicio de novas competencias», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

VI. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de tres (3) anos (2019, 2020 e 2021), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio».*

En todo caso, como dixemos antes, as anualidades futuras quedarán necesariamente subordinadas ó crédito que se consigne no seu caso nos respectivos orzamentos de 2020 e 2021.

Visto o que antecede, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración para os anos 2019, 2020 e 2021 entre a Concellería de Política Social e a “Fundación Casa de Caridad – Hogar S. José” (CIF 36626174) para o sostemento do comedor social “La Esperanza” e a unidade de hixiene vinculada; recursos complementarios dos municipais destinados á atención das necesidades básicas de alimentación e hixiene de persoas en estado de necesidade.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto total de 69.000€, a razón de 23.000€/ano, con cargo no exercicio de 2019 á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.05 - *Convenio Comedor da Esperanza*. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2020 e 2021) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “*convocatoria instrumental*” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “FUNDACIÓN CASA DE CARIDAD DE VIGO – HOGAR S. JOSÉ” PARA O SOSTEMENTO DO COMEDOR SOCIAL “LA ESPERANZA” E UNIDADE DE HIXIENE ASOCIADA (2019 – 2021)».

En Vigo, na Casa do Concello, o..... de..... de 2019

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido pola Secretaria de Goberno Local, D^a. M^a Concepción Campos Acuña.

Doutra parte,

D^a María Fernanda García Rodríguez, con DNI nº 10854769-B, con enderezo para os efectos de notificación na rúa S. Francisco nº 69 de Vigo.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D^a María Fernanda García Rodríguez, actuando en representación da «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar San José» (CIF G-36626174), segundo así resulta da escritura pública de modificación de Estatutos achegada, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. M^a Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,



Concello de Vigo

EXPOÑEN

I.- Que a «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar San José» ten entre os seus obxectivos a atención e promoción das persoas en situación de desvantaxe social, desde o principio da autodeterminación e a promoción persoal e social. Adícase á atención das necesidades básicas das persoas excluídas ou en risco de exclusión social que residen, temporal ou permanentemente, en Vigo, proporcionándolles prioritariamente alimentación e aseo persoal, a través dun comedor social e dunha unidade de hixiene vinculada a este.

II.- Que o “Comedor de la Esperanza” e a súa unidade de hixiene, dependentes da «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar San José», constitúen un equipamento propio dos servizos sociais de atención primaria da cidade, sendo esta Fundación unha entidade sen ánimo de lucro que ven asistindo ás persoas en estado de necesidade desde hai moitos anos en colaboración cos servizos sociais municipais.

III.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas en situación de emerxencia social que teñen a necesidade de acudir a este recurso para poder subsistir nunhas condicións minimamente dignas, sendo complementario dos recursos propios dos servizos sociais do Concello como, por exemplo, o comedor social do Albergue – CIIES da rúa Marqués de Valterra.

IV.- Que a normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de *«prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres*

non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais para 2019, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello



Concello de Vigo

de Vigo a favor da «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar San José» para o sostemento do comedor social “Comedor de la Esperanza” situado na rúa S. Francisco nº 69, que conta cunha unidade de hixiene asociada.

SEGUNDA.- A «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar San José» comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social do Concello de Vigo na atención e promoción das persoas en situación de desvantaxe social e, concretamente a:

1º) Xestionar o funcionamento dun comedor social e dunha unidade de hixiene vinculada a este, para a atención de persoas en situación ou risco de exclusión social con necesidades de manutención e de hixiene persoal, que residen temporal ou permanentemente neste Concello, sen distinción ideolóxica, relixiosa ou étnica. Ó comedor poderán acudir as persoas directamente ou derivadas polos servizos sociais de atención primaria do Concello.

2º) Ofrecer a través dos citados equipamentos un servizo de almorzo ou xantar para persoas con necesidades de alimentación e un servizo de duchas e roupeiro que cubra as necesidades básicas de hixiene, roupa e calzado que poidan presentar as persoas usuarias. Ó longo do ano realizarán unha actividade convivencial dun día de duración, fóra do Concello, para o que utilizarán un medio de transporte.

3ª) Cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar S. José» unha subvención para cada un dos exercicios de 2019, 2020 e 2021 por importe de 23.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 69.000€. O gasto correspondente a 2019 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.05 – “*Convenio Comedor da Esperanza*”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2020 e 2021) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

CUARTA.- Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

1. No ano 2019, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2020 e 2021, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da

beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.

2. O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos tres exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de accións de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento



Concello de Vigo

municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

DÉCIMA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de tres (3) anos (2019 – 2021), condicionado ó cumprimento dos obxectivos e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Calquera alteración do contido deste Convenio previsará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO SEGUNDA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

DÉCIMO TERCEIRA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes da «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar S. José» e dous técnicos municipais de Benestar social, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área de servizos sociais do Concello (ou persoa na que delegue).

DÉCIMO CUARTA.- A «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar S. José» comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DÉCIMO QUINTA.- A «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar S. José» poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Convenio, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos tres exercicios (2019, 2020 e 2021) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos

recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.
2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
 - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
 - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).



Concello de Vigo

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas, indicando o importe que se imputa á subvención (total/parcial).

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas, solicitará do servizo de Contabilidade o levantamento das ordes de pagamento e das facturas, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos)

DÉCIMO SÉTIMA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO OITAVA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Proxecto emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO NOVENA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

VIXÉSIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO TERCEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as



Concello de Vigo

Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

5(346).- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DA XGL DE 31/01/2019 SOBRE ORDE DE EXECUCIÓN DE OBRAS DE AFIANZAMENTO DAS ESTRUTURAS DO PANTEÓN DE 16 NICHOS, BLOQUE 1, SOARES 8, 9 E 10, EN RÉXIME DE CONCESIÓN, DO CEMITERIO MUNICIPAL DE TEIS". EXPTE. 11620/255.

Dáse conta do informe-proposta de data 29/04/19, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente Sanidade e Consumo e pola concelleira-delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

I.1.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do día 31 de xaneiro de 2019, ditou acordo que na súa parte dispositiva di:

"PRIMEIRO.- Ordenar aos titulares do dereito de uso e aproveitamento privativo en réxime de concesión dos terreos onde se empraza o panteón composto por 16 nichos, do bloque 1, soares 8, 9, 10 e 11 sito no cemiterio municipal de Teis que sinala o informe do xefe de servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo de data 10/10/2018, obrante no expediente 11620/255:

- D. Eleazar Torres García, titular dos nichos números 29, 30, 31 e 32 (soar 8);
- D. Germán Novoa Rodríguez titular dos nichos números 33, 34, 35 e 36 (soar 9);
- Herdeiros de Dona Esther Fidalgo Aller titular dos nichos números 37, 38, 39 e 40 (soar 10);
- Herdeiros de Don Antonio Costas Areal titular dos nichos números 41, 42, 43 e 44 (soar 11).

para que realicen obras de afianzamento das estruturas e recolocación dos elementos desprazados para evita-la súa caída, indicadas polos arquitectos municipais e que se reflicten nos antecedentes deste acordo.

SEGUNDO.- Manter a prohibición temporal de exhumacións, inhumacións e acceso ós referidos nichos, mantendo a zona valada, para garantir a seguridade dos traballadores e usuarios dos cemiterios, en tanto en canto non se executen as obras ordenadas.

TERCEIRO.- Declarar o interese público municipal na realización inmediata das devanditas obras polos motivos indicados nos fundamentos xurídicos deste acordo e, conseguintemente, e con independencia de posteriores accións que conforme a dereito correspondan ao Concello respecto dos titulares dos nichos segundo a lexislación vixente, proceder á redacción do proxecto ou memoria técnica que recolla as obras precisas a realizar, a súa aprobación, á contratación das obras pola administración municipal e a súa execución.

CUARTO.- Que ós arquitectos de obras e proxectos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo procedan, a maior brevidade posible, á redacción do correspondente proxecto ou memoria técnico para a execución das obras precisas para garantir a estabilidade dos nichos.

(...)"

I.2.- Con data 15 de marzo de 2019 (doc. Núm. 190038925), Don Eleazar Torres García, formula escrito de alegacións contra o citado acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de data 31 de xaneiro de 2019.

II.- Fundamentos de dereito:

II.1.- O acordo da Xunta de Goberno Local de data 31/01/2019 foi notificado ó interesado o 21/02/2019 (acuse de recibo de correos), e o escrito de alegacións, que pode cualificarse de recurso de reposición, foi presentada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo en data do 15/03/2019, por tanto dentro dos prazo legalmente previsto para a súa interposición conforme ó establecido nos artigos 123 e 124 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

II.2.- Sobre as alegacións presentadas, na que indica que os nichos lle pertencen en réxime de propiedade e non en concesión e que lle corresponde a súa conservación.

En relación co contido das alegacións nas que fundamente a súa oposición á resolución, deben ser rechazados polos seguintes motivos:

II.3.- Que contrariamente ó alegado os nichos números 29, 30, 31 e 32 non lle pertencen en réxime de propiedade senón que foron adxudicados en réxime de concesión administrativa, segundo podemos colixir dos datos obrantes nos arquivos municipais:

a).- A Comisión Municipal Permanente (C.M.P.) en sesión celebrada o día 10 de xuño de 1975 acordou:

<< Conceder o dereito de enterramento no cemiterio municipal de Teis, bloque número 1, previo pago de 15.400 pts por parcela, sendo a superficie de cada unha de 4 m2, na forma que de seguido se sinala...

...a Don Eleazar Torres García, parcela número 8.



Concello de Vigo

...as citadas parcelas só poderán destinarse á construción de criptas ou nichos previa licenzia municipal para a inhumación do titular, familiares dentro do terceiro grao de consanguinidade ou afinidade e persoas do servizo doméstico do titular que habiten no domicilio deste.

O prazo de concesión se fixa en 50 anos, e transcorrido este, os terreos e as obras reverterán gratuitamente ó concello.

Queda absolutamente prohibida a venda ou doazón do uso das criptas ou nichos así construídos por particulares excepto ao concello. >>

b).- En virtude do Mandamento de Ingreso número 4337, concepto 14.15, artigo 1º “servizo cemiterios”:

<< Don Eleazar Torres García entrega en data 17 de xullo de 1975, quince mil catrocentas --15.400 pesetas-- por adquisición do dereito para enterramentos no solar 8 do bloque 1 de 1ª clase de 4 m2 de superficie, por prazo non superior a 50 anos no cemiterio de Teis, por acordo da C.M.P. do día 10 de xuño de 1975. >>

c).- A Comisión Municipal Permanente en sesión celebrada o día 28 de agosto de 1975 acordou:

<< Autorizar a Don Eleazar Torres García e outros para construír un grupo de 16 nichos de 1ª clase nos solares nº 8 ó 11 do bloque 1 do cemiterio de Teis, previo pago de 6.720 pesetas en concepto de arbitrios municipais. >>

Por tanto, segundo os acordos municipais antes citados, o que se outorgou a Don Eleazar Torres García, foi unha concesión administrativa privativa de dominio para a referida parcela núm. 8 do cemiterio municipal de Teis para enterramento por un prazo de 50 anos.

Tamén, o citado acordo da Xunta de Goberno local declara o interese público municipal na realización inmediata das devanditas obras en virtude da fundamentación que se recolle naquel acordo. A saber:

“O artigo 80.8ª. do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais establece que os titulares dos dereitos de uso ou aproveitamento privativo sobre bens de dominio público teñen a “obrigación de manter en bo estado a porción de dominio utilizado e, no seu caso, as obras que construíra”.

No caso que nos ocupa, os titularidades do aproveitamento privativo sobre os terreos de dominio público realizaron as obras e, por tanto, son donos destas ata tanto non revertan, se fose o caso, na administración municipal. O citado Regulamento de bens

que establece o réxime xurídico concesional sobre bens de dominio público das entidades locais sinala que as obras reverterán á Administración local ao final da concesión, se fose o caso, ou terán que ser derrubadas polos propios titulares concesionais de acordo co establecido neste título. En idénticos termos a vixente LPAP.

Por outra banda, cómpre sinalar como se indica no acordo da Xunta de Goberno Local de 31/01/2019, que ao abeiro do establecido no artigo 97 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, (LPAP) en relación cos artigos 135 e 136 da LSG e artigos 332 a 340 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que a desenvolve, corresponde aos titulares deste dereito de uso ou aproveitamento dos nichos o deber da súa conservación.

Segundo o informe do Servizo de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Vigo, sinálase a necesidade de prohibir as exhumacións, inhumacións e acceso ós referidos nichos, mantendo a zona valada, para garantir a seguridade dos traballadores e usuarios dos cemiterios polo que procede manter esta medida en tanto en canto non se realicen as obras de afianzamento das estruturas.

Agora ben, tendo en consideración que:

- Os nichos foron apuntalados polo Concello para garantir a estabilidade das ocupacións ata que non se realicen os traballos de afianzamento das estruturas, con balado de zonas libres e de tránsito do cemiterio.*
- Que as obras terán que ser debidamente supervisadas e coordinadas por técnicos municipais co obxecto de que non afecten nin entorpezan o normal uso do cemiterio municipal nin menoscaben o dominio público municipal.*
- Que as obras deben executarse no menor prazo de tempo posible por mor da situación existente dos nichos que se reflicte nos informes dos técnicos municipais e que afectan a terreos de dominio público municipal.*

Polo exposto, en beneficio do interese público municipal considérase idóneo que sexa o propio Concello o que realice o correspondente proxecto ou memoria técnico que recolla as obras precisas a realizar, se aprobe e as execute directamente. Todo isto sen prexuízo de posteriores accións que conforme a dereito correspondan ao Concello exercer respectos dos titulares dos nichos construídos en terreos demaniais segundo a lexislación vixente.”

Por tanto, proceden desestimar as pretensión do recorrente.

O abeiro da Disposición adicional segundo, apartado 11, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**



Concello de Vigo

PRIMEIRO: Desestimar a D. Eleazar Torres García o recurso de reposición interposto en data do 15/03/2019 (doc. 190038925), contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de xaneiro de 2019, sobre orde de execución de obras de afianzamento das estruturas do panteón de 16 nichos, bloque 1, soares 8, 9, 10 e 11, en réxime de concesión, do cemiterio municipal de Teis (expte. 11620/255), polos fundamentos de feito e dereito invocados na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO: Notificar ao interesado o presente acordo informándolle que, consonte os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdicción contencioso-administrativa, poderá interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte a aquel en que se notifique o presente acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(347).- PROPOSTA DE DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE CARNE PARA VIGOZOO. EXPTE. 9718/612.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 29/04/19, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, e polo concelleiro-delegado de Contratación, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a contratación do subministro de carne para a fauna de Vigozoo (9.718-612)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 11 de abril de 2019 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto de tramitación abreviada, do subministro de carne para a fauna de Vigozoo (9.718-612).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 17 de abril de 2019, rematando o prazo de presentación de ofertas o 24 de abril.

Terceiro.- Indica o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 26 de abril de 2018:

*“Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 17-04-2019, para a contratación por procedemento aberto da “Adquisición de carne para o consumo da fauna animal no parque zoolóxico de VigoZoo de acordo coas características previstas no PPT. EXPTE. 9718-612” que rematou o día 24 de abril do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, **non se presentou ningunha oferta**”.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición a esta licitación, tal e como se indica no certificado expedido polo Rexistro xeral de data 26 de abril de 2019, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a contratación do subministro de carne para a fauna de Vigozoo (9.718-612) por non terse presentado ningunha proposición”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(348).- CORRECCIÓN DE ERROS ARITMÉTICOS NO PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAL DE XARDINERÍA. EXPTE. 11832/446.

Dáse conta do informe-proposta de data 26/04/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:



Concello de Vigo

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 25 de abril de 2019 acordou o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do contrato de subministro de material de xardinería, así como o prego de prescricións técnicas particulares asinado na data 19 de febreiro de 2019 e, o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 4 de abril de 2019.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 8.000,00 €, que inclúe un IVE de 1.057,85€ , o cal se imputará á partida 1710.2100000 “MANTEMENTO PARQUES, XARDÍNS, ALAMEDAS E PARQUES FORESTAIS”, que se distribuirá en tres anualidades, tal e como se desglosa a continuación:

Ano	Importe
2019	2.000,00€
2020	4.000,00€
2021	2.000,00€

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .” .

No prego administrativo figura que o IVE a soportar pola administración é de 1.057,85 euros e Valor Estimado do contrato de 15.271,78 euros cando o IVE a soportar deberá ser de 1.388,43 euros e o Valor Estimado de 14.545,45 euros

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás Administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

No caso que nos ocupa advertiuse o seguinte erro aritmético no apartado 3.b.B) e C) das FEC do Prego de cláusulas administrativas, o cal foi aprobado pola da Xunta de Goberno Local de 25 de abril de 2019;

- Onde dí "... **3. CONTIDO ECONÓMICO**

- A) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído): 8.000 euros**
- B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN: 1.057,85 euros**
- C) VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 15.271,78 euros"**

debe dicir " 3. CONTIDO ECONÓMICO

- A) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído): 8.000,00 euros**
- B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN: 1.388,43 euros**
- C) VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 14.545,45 euros"**

Segundo.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP.

ACORDO

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local de 25 de abril de 2019 no referido á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas para a CONTRATACIÓN DO SUUBMINISTRO DE MATERIAL DE XARDINERÍA, que quedará redactado da forma seguinte:

"1º.- Apartado das FEC 3. CONTIDO ECONÓMICO

- A) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído): 8.000,00 euros**
- B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN: 1.388,43 euros**
- C) VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 14.545,45 euros**

2º.- Dar conta á oficina de contratación para os trámites oportunos"



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(349).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE DEPORTES NOS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO E MARZO DE 2019. EXPTE. 18328/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 22/04/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2019, o concelleiro-delegado de Deportes, José Manuel Fernández Pérez, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados pola Concellería de Deportes (funcionais 3410 e 3420, durante os meses de xaneiro, febreiro e marzo do ano 2019, que se relacionan deseguido:

EXPTE NÚM.	OBXECTO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA REMATE	IMPORTE C/IVE
2749-611	SERVIZOS DE PODA E ELIMINACIÓN DE PLAGA PROCESIONARIA EN ÁRBORES NAS INST. DEP. MPAL. PARTIDA: 3420-2100003 ADM Nº: 5114	AGRONERGA, SL (B36448652)	11/01/19	31/01/18	542,08 €
18164-333	SERVIZO REDES SOCIAIS - GALA RUNRUN VIGO PARTIDA: 3410-2260901 Nº ADM: 11211	ALBERTO MIRAS TURNES (44843115S)	21/01/19	30/12/19	560,29 €
18169-333	Servizos redes sociais Carreiras RUNRUN VIGO 2019 PARTIDA: 3410-2260901 Nº ADM: 11552	ALBERTO MIRÁS TURNES (44843115S)	21/01/19	30/12/19	8.857,20 €
2774-611	SERVIZO DE MANTEMENTO TÉCNICO-LEGAL A REALIZAR NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES	ALNUR MEDIOAMBIENTE, SL (B94120482)	19/02/19	30/09/19	13.603,41 €

EXPTE NÚM.	OBXECTO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA REMATE	IMPORTE C/IVE
	DO SERVIZO DE DEPORTES PARA A PREVENCIÓN DA LEXIONELLA PARTIDA: 3420-2279916 ADM Nº: 14330				
2851-611	SUBMINISTRO DE E INSTALACIÓN DE ELEMENTOS DE ANCORAXE PARA A SUBSTITUCIÓN DOS EXISTENTES NA ESTRUTURA INTERIOR DAS CERCHAS DA CUBERTA DO PAVILLÓN DA ETEA PARTIDA: 3420-2120000 ADM Nº: 23469	ALTIUR FORMACION Y PREVENCIÓN SL (B34246256)	21/03/19	30/12/19	4.499,20 €
2808-611	SUBMINISTRO PUNTUAL DE MATERIAL DE OFICINA PARTIDA: 3420-2080000 ADM Nº: 16562	BERNARDO GARCÍA MONTOTO (36060727Q)	21/02/19	30/12/19	2.000,00 €
18261-333	Subministro de regalos promocionais co logo do Concello de Vigo para actos promocionais actividades deportivas Partida: 3420-2260901 ADM Nº: 24477	BIEITONOVA SL (B36926095)	21/03/19	30/12/19	17.508,70 €
18168-333	Servizo de agasallos protocolarios fin da tempada para o programa municipal CROSS ESCOLAR E SERIES MUNICIPAIS DE ATLETISMO EN PISTA PARTIDA: 3410-2260901 Nº ADM: 11210	CARLOS FERNANDEZ POL (36045005A)	21/01/19	30/12/19	749,92 €



Concello de Vigo

EXPTÉ NÚM.	OBXECTO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA REMATE	IMPORTE C/IVE
2793-611	SUBMINISTRO DE MATERIAL DE FONTANERÍA PARTIDA: 3420-2120000 ADM Nº: 12720	COMERCIAL ANTONIO COSTAS FERNÁNDEZ, SL (B36739233)	13/02/19	31/10/19	4.500,00 €
2776-611	SERVIZOS DE MANTEMENTO DOS SISTEMAS DE SEGURIDADE E COMUNICACIÓNS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS PARTIDA: 3420-2270100 ADM Nº: 12329	DESARROLLOS DE SEGURIDAD Y COMUNICACIONES, SL (B24243685)	11/02/19	30/09/19	3.269,80 €
18255-333	Servizo de publicidade na revista VIGO DEPORTIVO PARTIDA: 3410-2260200 ADM Nº: 22479	EDICIONES EDISPORT (B36979920)	14/03/19	08/04/19	1.815,00 €
2854-611	SERVIZO REALIZACIÓN DE REPARACIÓNS DE ALUMEADO NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE COTOGRANDE, CANDEÁN, SÁRDOMA E BOUZAS PARTIDA: 3420-2130002 ADM Nº: 24684	ELECTRICIDAD REMESEIRO, SL (B36624815)	27/03/19	30/04/19	5.362,30 €
2769-611	REALIZACIÓN DE REPARACIÓNS DO ALUMEADO NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE COTOGRANDE E CANDEÁN PARTIDA: 3410-2130002 Nº ADM: 9129	ELECTRICIDAD REMESEIRO, SL (B36624815)	30/01/19	28/02/18	1.900,13 €

EXPTE NÚM.	OBXECTO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA REMATE	IMPORTE C/IVE
2814-611	SERVIZO REALIZACIÓN DUNHA INSPECCIÓN REGULAMENTARIA DOS ASCENSORES E ELEVADORES VERTICAIS SITUADOS NAS INSTALACIÓNS	ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA, SA (A27812627)	25/02/19	30/12/19	1.276,55 €
	PARTIDA: 3420-2279914 ADM Nº: 16823				
2799-611	SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE MATERIAIS PARA A REALIZACIÓN DE REPARACIÓNS CORRECTIVAS PUNTUAIS NOS SISTEMAS DE SEGURIDADE	EQUIPAMIENTO Y SEGURIDAD, SLU (B36634715)	19/02/19	31/12/19	1.000,00 €
	PARTIDA: 3420-2120000 ADM Nº: 16115				
2788-611	SERVIZO DE MANTEMENTO TÉCNICO-LEGAL DOS SISTEMAS DE ALARMAS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES	EQUIPAMIENTO Y SEGURIDAD, SLU (B36634715)	11/02/19	31/12/19	3.363,36 €
	PARTIDA: 3420-2270100 ADM Nº: 12332				
18197-333	Subministro dorsal + chip cronometrado personalizado	EzeMosquera Events, SL (B70351341)	11/02/19	30/12/19	2.515,59 €
	PARTIDA: 3410-2260901 ADM Nº: 12355				
18154-333	SUBMINISTRO DE PRENSA-FARO DE VIGO	FARO DE VIGO, SAU (A36600815)	16/01/19	31/12/19	760,00 €
	PARTIDA: 3410-2200100 Nº ADM: 5473				



Concello de Vigo

EXPTÉ NÚM.	OBXECTO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA REMATE	IMPORTE C/IVE
2843-611	SUBMINISTRO DE MATERIAL DE FERRETERÍA PARA A REALIZACIÓN MANTEMENTOS NAS INST. DEP. PARTIDA: 3420-2120000 ADM Nº: 23611	FERRETERÍA VALFER, SL (B36913002)	21/03/19	30/12/19	4.500,00 €
18146-333	SERVIZOS TOP 25 TUNNING INTERNACIONAL GALIEXPO MOTOR SHOW PARTIDA: 3410-2260901 ADM Nº: 7985	GALIEXPO FERIAS Y EVENTOS, SL (B36945137)	21/01/19	30/12/19	12.999,50 €
18265-333	SERVIZOS INSERCIÓN PUBLICITARIA EN REVISTA TODODEPORTE PARTIDA: 3410-2260200 ADM Nº: 24139	GALIPRESS, SL (B15086556)	25/03/19	30/12/19	1.500,00 €
2792-611	SUBMINISTRO DE MATERIAL DIVERSO PARA O MANTEMENTO DE EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS PARTIDA: 3420-2120000 ADM Nº: 12637	HIERROS LAGO, SL (B36649259)	13/02/19	31/10/19	2.500,00 €
18152-333	SUBMINISTRO DE PRENSA-LA VOZ DE GALICIA PARTIDA: 3410-2200100 Nº ADM: 5474	LA VOZ DE GALICIA, SA (A15000649)	16/01/19	31/12/19	379,00 €
2753-611	SERVIZO MANTEMENTO NAS PISTAS DE ATLETISMO DE BALAÍDOS CONSISTENTE NO REPINTADO DAS ZONAS DE COMPETICIÓN PARTIDA: 3420-2100003 ADM Nº: 5666	LIMONTA SPORT IBÉRICA, SL (B80951510)	14/01/19	28/02/19	15.730,00 €

EXPTÉ NÚM.	OBXECTO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA REMATE	IMPORTE C/IVE
18140-333	SERVIZO DE XESTION CRONOMETRAXE 9 CARREIRAS CIRCUITO RUN RUN VIGO 2019 PARTIDA: 3410-2260901 ADM Nº: 5418	LODECO SLU (B27375880)	14/01/19	30/12/19	10.998,90 €
18253-333	Servizo de fabricación e instalación de pegatinas e carteis en diferentes elementos no pavillón municipal de Travesas PARTIDA: 3410-2279900 ADM Nº: 22503	Luis Alberto Mosquera Marcos (78739710S)	14/03/19	30/12/19	2.434,52€
2794-611	SUBMINISTRO DE MATERIAL DE CARPINTERÍA PARA O MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO SERVIZO DE DEPORTES PARTIDA: 3420-2120000 ADM Nº: 12715	MADERAS DEL NOROESTE DE ESPAÑA, SL (B36616548)	13/02/19	31/10/19	2.500,00 €
2817-611	SERVIZO DE MANTEMENTO TÉCNICO-LEGAL DOS SISTEMAS CONTRA INCENDIOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS PARTIDA: 3410-2279915 ADM Nº: 18928	MADINFOR GLOBAL, SL (B27721687)	07/03/19	31/12/19	4.238,30 €
2795-611	SUBMINISTRO DE MATERIAL DE PINTURA PARA O MANTEMENTO INST. DEP. PARTIDA: 3420-2120000 ADM Nº: 12707	MORGASA, SL (B36627677)	13/02/19	31/10/19	4.500,00 €



Concello de Vigo

EXPTÉ NÚM.	OBXECTO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA REMATE	IMPORTE C/IVE
18178-333	Subministro de 2 bandeiras para BANDEIRA CONCELLO DE VIGO DE BATEIS - RMO VIRXE DA GUIA PARTIDA: 3410-2260901 Nº ADM: 12350	NAUFIFERBA, SL (B27718469)	28/01/19	30/12/19	496,10 €
2807-611	SUBMINISTRO ALUGUER DE DÚAS BOMBONAS DE GAS PARA SOLDADURA PARTIDA: 3420-2080000 ADM Nº: 16117	NIPPON GASES ESPAÑA, SLU (B28062339)	19/02/19	30/12/19	726,00 €
2773-611	SERVIZO DE MANTEMENTO TÉCNICO-LEGAL DOS ASCENSORES DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO SERVIZO DE DEPORTES PARTIDA: 3420-2279914 ADM Nº: 11207	ORONA, S. COOP (F20025318)	04/02/19	31/10/19	4.471,10 €
2848-611	SUBMINISTRO DE MATERIAL ELÉCTRICO PARA O MANTEMENTO INST. DEP. PARTIDA: 3420-2120000 ADM Nº: 23272	ORVILUX ELECTRICIDAD, SL (B36796829)	21/03/19	30/11/19	4.700,00 €
18266-333	Subministro de material promocional para o programa municipal "FUTBOL DE VERÁN NA PRAIA DE SAMIL 2019 Partida: 3410-2260903 ADM Nº: 25669	PERSONALIZA TU MARCA SERVICIOS DE MARKETING SL (B27829522)	27/03/19	30/12/19	1.246,30 €
18239-333	SUBMINISTRO MATERIAL PROMOCIONAL MEMORIAS USB	PERSONALIZA TU MARCA SERVICIOS DE MARKETING SL (B27829522)	21/03/19	30/12/19	452,54 €

EXPTE NÚM.	OBJETO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA REMATE	IMPORTE C/IVE
	PARTIDA: 3410-2260100 ADM Nº: 21376				
18203-333	REALIZACIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS DE HOMOLOGACIÓN DAS PISTAS DE ATLETISMO	REAL FEDERACIÓN DE ESPAÑOLA DE ATLETISMO (Q2878003I)	13/02/19	30/04/19	5.000,00 €
	PARTIDA: 3420-2270600 ADM Nº: 12678				
18187-333	SERVIZOS DE COLABORACIÓN NA REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DE VESTIARIOS NO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL	REBOREDA MARTINEZ ANTONIO SLNE (B36931541)	04/02/19	30/04/19	2.292,95 €
	PARTIDA: 3420-2270601 ADM Nº: 11208				
18254-333	SERVIZO COLABORACIÓN REDACCIÓN PPT PARA O PROXECTO DE ADQUISICIÓN DUN VIDEOMARCADOR	REBOREDA MARTÍNEZ ANTONIO SLNE (B36931541)	11/03/19	31/03/19	562,65 €
	PARTIDA: 3410-2270601 ADM Nº: 20313				
18196-333	REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE COLABORACIÓN PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO DE ESTRUTURAS PARA A EXECUCIÓN DE VESTIARIOS NO C.F. DO CARBALLAL	REBOREDA MARTÍNEZ ANTONIO SLNE (B36931541)	11/02/19	30/04/19	2.413,95 €
	PARTIDA: 3410-2270601 ADM Nº: 13097				
18258-333	SERVIZO COLABORACIÓN PARA A REDACCIÓN DO PPT DO PROX. ALUGUER DE EQUIPOS DE CLIMATIZACIÓN PARA O PAV. TRAVESAS	REBOREDA MARTINEZ ANTONIO, SLNE (B36931541)	21/03/19	30/06/19	1.294,70 €



Concello de Vigo

EXPTÉ NÚM.	OBXECTO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA REMATE	IMPORTE C/IVE
	PARTIDA: 3410-2270601 ADM Nº: 24125				
18145-333	SERVIZO PARA A PRESTACIÓN CONXUNTA DOS SERVIZOS DE MENSAXERÍA, PAQUETERÍA E XESTIÓN DE CORREOS PARTIDA: 3410-2230000 ADM Nº: 5471	REPARTO DE GESTIÓN URGENTE, (B36821494) Y SL	16/01/19	30/12/19	1.500,00 €
18147-333	SUBMINISTRO DE PRENSA-ATLÁNTICO DIARIO PARTIDA: 3410-2260901 ADM Nº: 5472	RIAS BAIXAS COMUNICACIÓN,SA (A36643674)	16/01/19	31/12/19	586,16 €
18144-333	SERVIZO DE ORGANIZACION GALA RUN RUN VIGO - PROGRAMA CARREIRAS POPULARES PARTIDA: 3410-2260901 ADM Nº: 5447	RP3 VIGO (B36803468) SL	16/01/19	30/12/19	6.759,63 €
18227-333	Servizo de mupis circuito municipal cross escolares 2019 PARTIDA: 3410-2260200 ADM Nº: 22757	RP3 VIGO, (B36803468) SL	20/03/19	30/12/19	980,10 €
18213-333	Servizo de difusion programa de cross escolares 2019 PARTIDA: 3410-2260200 ADM Nº: 20309	RP3 VIGO, (B36803468) SL	01/03/19	30/12/19	508,20 €
2834-611	SERVIZO DE REPARACIÓN DE ELEVADOR VERTICAL NO PAVILLÓN MUNICIPAL DE COIA PARTIDA: 3420-2130000 ADM Nº: 20017	SOLUCIONES TÉCNICAS NEXOTED, (B36907699) SL	08/03/19	20/03/19	520,60 €

EXPTE NÚM.	OBXECTO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA REMATE	IMPORTE C/ IVE
2815-611	SERVIZO DE MANTEMENTO DE ELEVADORES VERTICAIS E PLATAFORMA SALVAESCALEIRAS NOS PAVILLÓNS DE BOUZAS, COIA E O BERBÉS E NA PISCINA DO CARME PARTIDA: 3420-2279914 ADM Nº: 19490	SOLUCIONES TÉCNICAS, NEXOTED, SL (B36907699)	01/03/19	30/12/19	2.256,65 €
18268-333	Servizo de megafonia para a carreira RUN RUN VIGO - VIG BAY -19 Partida: 3410-2279900 ADM Nº: 24146	SONIDO COLLAZO SL (B36932689)	27/03/19	30/12/19	1.573,00 €
2687-611	CONTRATO PRIVADO SEGURO COLECTIVO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS PARTIDA: 3420-2260901 ADM Nº: 2795	SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA (V48083521)	02/01/19	08/06/19	12.395,00 €
2853-611	SERVIZO DE MANTEMENTO DA APLICACION INFORMÁTICA "DEPORWIN" E OS SEUS MÓDULOS PARTIDA: 3420-2279907 ADM Nº: 24129	T-SYSTEMS IBERIA, SAU (A81608077)	22/03/19	30/12/19	13.915,00 €
18210-333	OBRAS DE REPARACIÓN DE LUCERNARIOS DO FALSO TEITO DO PAVILLÓN CENTRAL DAS TRAVESAS PARTIDA: 3420-2120000 ADM Nº: 24123	TECHOS VIGO, SL (B36723096)	22/03/19	30/09/19	38.119,62 €



Concello de Vigo

EXPTÉ NÚM.	OBXECTO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA REMATE	IMPORTE C/IVE
2771-611	SERVIZO PARA A REALIZACIÓN DE MANT. CORRECTIVOS PUNTAIS NOS EQUIPOS INFORMÁTICOS PARTIDA: 3420-2160000 ADM Nº: 13004	TELINCO INFORMÁTICA, SL UNIPERSONAL (B36442689)	31/01/19	31/12/19	5.989,50 €
18226-333	SUBMINISTRO DE LECTORES DE TARXETAS PARA O SEU USO NOS EQUIPOS INFORMÁTICOS PARTIDA: 3420-6260000 ADM Nº: 24654	TELINCO INFORMÁTICA, SL UNIPERSONAL (B36442689)	22/03/19	30/04/19	2.686,20 €
2857-611	SERVIZO REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE MANTENIMENTO E REPARACIÓN DUN CONDUCTO DE AIRE EXTERIOR NA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS PARTIDA: 3420-2120000 ADM Nº: 24381	TERMOCALOR VIGO, SL (B36771749)	27/03/19	30/04/19	786,50 €
2818-611	REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE LIMPEZA NAS PISTAS DE ATLETISMO DE BALAÍDOS E NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE BOUZAS E MEIXOEIRO PARTIDA: 3410-2270001 ADM Nº: 18923	TRAINASA TRATAMAIENTO INDUSTRIAL DE AGUAS, SA (A28525723)	07/03/19	30/03/19	1.224,04 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

9(350).- PROXECTO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE PROMOCIÓN DEPORTIVA DO PADEL A TRAVÉS DA ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “WORLD PADEL TOUR CONCELLO DE VIGO” NA CIDADE DE VIGO. Expte. 18251/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 25/04/19 e o informe de fiscalización do 26/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 25/04/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- No exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, con data 20 de novembro de 2015, asinaron un protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio convenio se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen, no que ao presente convenio importa, aquelas actuacións encamiñadas a potenciar o deporte como un elemento integrador, posibilitando a consolidación das novas demandas sociais.

2.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

3. Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade deportiva na cidade.
4. Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interese deportivo na cidade de Vigo.
5. Promocionar o deporte de competición na cidade de Vigo.
6. Colaborar con proxectos que poñan en valor modalidades de arraigo na cidade de Vigo.
7. Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.
8. Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
9. Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

3.- En relación ó desenvolvemento e promoción de programas de promoción deportiva na cidade de Vigo, débese resaltar a gran demanda, asistencia e participación que teñen na cidade; nos atopamos que a celebración de grandes eventos deportivos que supoñan establecer referencias deportivas do máis alto nivel en Vigo, conforman unha importante



Concello de Vigo

proposta e fundamentan a oportunidade de xerar novos proxectos que podan contribuír, fundamentalmente, a impulsar e potenciar a participación da cidadanía no ámbito deportivo.

A celebración do Proxecto de promoción deportiva de Padel a través da organización do evento deportivo “World Padel Tour Concello de Vigo”, converterá á cidade de Vigo durante a súa celebración no centro de atención do Padel no ámbito internacional, máis de 300 deportistas do máis alto nivel internacional, e asistencia de mais de 10.000 persoas de público, cunha estimación do 47.9 % de asistentes de outras cidades, tendo en conta ademais que a participación feminina é do 40 %, e a repercusión sobre os máis de 5 millóns de practicantes en españa producen mais de 624.000 seguidores en redes sociais, e partidos en directo en televisión e en streaming convertendo a competición nun espectáculo deportivo de gran nivel e competitividade seguido por numeroso público, facendo que Vigo sexa, durante a súa celebración, o epicentro do padel.

Asemade, o devandito proxecto desenvolve complementariamente unha serie de accións de comunicación e difusión a través de redes sociais que fai deste evento deportivo unha boa oportunidade de promoción da cidade acolledora do evento deportivo e do deporte en si mesmo. Esta difusión farase a través da dinamización da prensa escrita, Gol Tv, con retransmisión en directo dos partidos de maior interese ou a dinamización a través dunha canle de Youtube, con máis de 109.000 espectadores no 2018, superando en suscriptores a outras competicións de ámbito internacional.

A importancia deste evento de promoción radica ademais no impulso que supón para unha modalidade moi arraigada na comunidade en xeral, e na nosa cidade en particular, na que na actualidade existe unha gran afección a este deporte.

4.- No devandito protocolo de colaboración convénse que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos, cuxa execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes.

5.- O Concello de Vigo, continuando as amplas intervencións realizadas nos últimos anos, pretende executar o seguinte proxecto deportivo:

Investimento

- Proxecto de promoción deportiva de Padel a través da organización do evento deportivo “World Padel Tour Concello de Vigo”, coa participación de máis de 300 participantes do ámbito internacional, que se disputará do 7 o 12 de Maio en Vigo.

6.- Co obxecto de proceder ó desenvolvemento deste proxecto, detállanse as seguintes especificacións resumidas:

Investimento
World Padel Tour Concello de Vigo
Obxecto da actuación:
Desenvolver o Proxecto de promoción deportiva de Padel a través da organización do evento deportivo “World Padel Tour Concello de Vigo”, coa participación de máis de 300 participantes do ámbito internacional, que se disputará do 7 o 12 de Maio en Vigo
Alcance económico da actuación:
139.000,00 €

7.- En data 14.03.19 o Concelleiro delegado de Deportes, resolveu iniciar o expediente para a elaboración e aprobación de ser o caso por parte do Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra dun convenio para o financiamento e a execución das actuacións precisas para o desenvolvemento do proxecto de promoción deportiva na Cidade proposto neste expediente.

8.- O Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, co conforme do Concelleiro delegado de deportes, á vista do protocolo de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a execución de actuacións estratéxicas encamiñadas a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio convenio se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen, no que ao presente convenio importa, aquelas actuacións encamiñadas a potenciar o deporte como un elemento integrador, posibilitando a consolidación das novas demandas sociais, cuxo obxecto é articular o réxime de colaboración entre o Concello e a Deputación para o financiamento dos investimentos vinculados ao presente convenio.

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- O artigo 25. 2. l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) atribúe ás Administracións municipais competencia propia, no que ao presente convenio importa, aquelas actuacións de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

II.- Os artigos 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), prevén a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común. As formas e termos da colaboración serán os previstos nas Leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.

III.- Os artigos 88 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJPAC), 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) e o artigo 34 da Lei 9/2017, de 8 de



Concello de Vigo

novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 contemplan que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios e contratos, con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

IV.- O artigo 6 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, regula como excluídos do ámbito subxectivo da mesma, os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública de elas dependentes e as entidades con personalidade privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

VI.- O convenio consta dunha parte expositiva e once pactos. O obxecto do convenio é establecer e concretar o réxime de colaboración entre o Concello de Vigo e Deputación Provincial de Pontevedra para o financiamento do desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva a través da organización dun acontecemento deportivo, que se relaciona no mesmo. Os pactos que se incorporan ao mesmo estímanse conformes ao interese público municipal.

III.- Convenio

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 6 Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común (LRXAPPAC), sinalando o apartado segundo do mesmo o contido propio dos instrumentos de formalización dos convenios, así como 194 e 195 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia

En canto ó seu *contido*, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase no informe xurídico obrante no expediente.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art 199 LALG.

O Convenio regula as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para o financiamento do desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva a través da organización dun acontecemento deportivo, que se relaciona no mesmo

Os investimentos vinculados ao presente convenio serán definidos nos correspondentes proxectos técnicos que concretarán as actuacións a realizar.

En todo caso, o proxecto dos investimentos a desenvolver terá relación directa con:

Desenvolvemento do Proxecto de promoción deportiva de Padel a través da organización do evento deportivo “World Padel Tour Concello de Vigo”, que se disputará entre o 7 e o 12 de Maio de 2019 en Vigo, cun orzamento previsto de 441.486,00 €.

IV.-Procedemento e competencia

Consta no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, informe técnico, memoria do convenio e texto do mesmo e informe xurídico.

Que o artigo 25. 2. l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local atribúe ás Administracións Municipais competencia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O art. 8.1. letra “b” da Lei de transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

V.- PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA “WORLD PADEL TOUR - 2019”, transcrito no Anexo da presente.

Segundo.- Dar conta á Deputación provincial de Pontevedra da aprobación do convenio que se anexa para o desenvolvemento Padel a través da organización do evento deportivo “World Padel Tour Concello de Vigo”, que se disputará entre o 7 e o 12 de Maio de 2019 en Vigo

Terceiro.Tras a firma do presente convenio procederase a tramitación administrativa conducente a cumprimento dos terminos do convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE PROMOCIÓN DEPORTIVA DO PADEL A TRAVÉS DO EVENTO DEPORTIVO "WORLD PADEL TOUR CONCELLO DE VIGO" NA CIDADE DE VIGO

No Pazo Provincial, _____ de _____ de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, D^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra e D^a María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

As partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos ós que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ó tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II.- Que, no exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, con data 20 de novembro de 2015, asinaron un protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio protocolo se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen, no que ó presente convenio importa, os da promoción do deporte e da actividade turística.

III.- Que no devandito protocolo de colaboración se convén que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos, cuxa execución administrativa,

técnica e contractual corresponderá ó Concello de Vigo, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes.

IV.- Que no apartado IV. 2 do Protocolo asinado o 20 de novembro de 2015 establécese que son prioritarias as actuacións encamiñadas a potenciar a consolidación do deporte como un elemento integrador, posibilitando a consolidación das novas demandas sociais.

Asemade, no apartado IV.5 do citado Protocolo expónse que en materia de Turismo o Concello de Vigo desenvolverá actuacións para potenciar a posta en valor dos recursos turísticos do municipio e o seu entorno con medidas de apoio ás actividades de divulgación da oferta turística e mellora da promoción dos valores turísticos.

V.- Que o artigo 36.1.d) da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións a competencia na cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Asemade o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia encoméndalles en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia e por outro lado, a lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, nos seus artigos 7.1 e 7.6 especifica que as deputacións provinciais exercerán no seu correspondente ámbito territorial as competencias de fomento, promoción e difusión do deporte así como calquera outra actuación que redunde no beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

VI.- Que, atendendo ó disposto no artigo 25.2.I da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas materias de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. No mesmo senso, a Lei 3/2012, de de 2 de abril, do deporte de Galicia, sinala no artigo 8.1 entre as competencias dos municipios en materia deportiva, a de fomentar, promover e difundir o deporte.

VII.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VIII.- Que o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra consideran que o proxecto do "WORLD PADEL TOUR CONCELLO DE VIGO" é unha oportunidade única de fomento do deporte do pádel e de promoción turística da Cidade de Vigo, e das Rías Baixas en xeral, xa que o citado evento deportivo desenvolverá unha serie de accións que abarcan, ademais de todos os actos propios da organización do evento na cidade de Vigo, actuacións de promoción previa e posterior á celebración do mesmo, que van dende a difusión preliminar do evento como parte do Circuito Internacional World Padel Tour, que se desenvolve en 12 sedes a nivel nacional e 9 países diferentes, que busca a máxima dinamización do acto para o seu coñecemento, ata a difusión en redes sociais, cun seguimento de mais de 624.000 persoas no ano 2018, e o propio acontecemento, que se celebra ó longo de 6 días nos que se xogan tanto a fase previa como as finais do torneo.

Asemade, o devandito proxecto desenvolve complementariamente unha serie de accións de comunicación e difusión a través de redes sociais que fai deste evento deportivo unha boa oportunidade de promoción da cidade acolledora do evento deportivo e do deporte en si mesmo. Esta difusión farase a través da dinamización da prensa escrita, GOL TV, con retransmisión en directo dos partidos de maior interese ou a dinamización a través dunha canle de Youtube, con mais de 109.000 espectadores no 2018, superando en suscriptores a outras competicións de ámbito internacional.



Concello de Vigo

IX.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e, en desenvolvemento do protocolo de colaboración arriba referido, que contemplan como obxectivos estratéxicos o apoio ás iniciativas de promoción do deporte e a posta en valor dos recursos turísticos, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, acordan aprobar o presente convenio de colaboración, para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva do pádel a través do evento deportivo "WORLD PADEL TOUR CONCELLO DE VIGO", na cidade de Vigo, que asinan agora os aquí comparecentes, con arranxo ós seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva do pádel a través do evento deportivo "WORLD PADEL TOUR CONCELLO DE VIGO", que se disputará entre o 7 e o 12 de maio de 2019 na cidade de Vigo e que ten a finalidade de promocionar a práctica deportiva do pádel e a promoción turística da cidade de Vigo.

SEGUNDO.- IMPORTE E FINANCIAMENTO

O importe ó que se refire o presente convenio, atende ás necesidades de desenvolvemento do proxecto de promoción deportiva do pádel e de promoción da cidade de Vigo, durante a celebración do "WORLD PADEL TOUR CONCELLO DE VIGO" 2019. Este proxecto de promoción deportiva conta cun orzamento total de CATROCENTOS CORENTA E UN MIL CATROCENTOS OITENTA E SEIS EUROS (441.486,00 €).

1º.- A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar a cantidade total de CINCUENTA E CINCO MIL EUROS (55.000,00 €) para a execución do citado proxecto de promoción deportiva durante o evento deportivo na edición do 2019.

A achega da Deputación de Pontevedra realizarase contra a aplicación 2019/942.9420.462.14 do orzamento provincial- A Concelllos-Actividades (Vigo-Pontevedra).

2º.- O Concello de Vigo obrígase a achegar a contía total de OITENTA E CATRO MIL EUROS (84.000,00 €) para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva do pádel durante o citado evento deportivo.

O pago realizarase contra a aplicación 3410.2279904 do orzamento do Concello de Vigo.

As aportacións comprometidas pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo consisten nunha contías fixas máximas, no caso de que a actividade realizada teña un custo inferior ó inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente.

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1º.- A execución do presente convenio e o seu financiamento polas partes asinantes terá lugar co seguinte desglose:

ACTUACIÓN	ACHEGA
Deputación de Pontevedra – Anualidade 2019	55.000,00 €
Concello de Vigo – Anualidade 2019	84.000,00 €
TOTAL	139.000,00 €

2º.- O Concello facilitará os documentos administrativos tramitados para a contratación do patrocinio para o seu coñecemento, que poderán ser sometidos á supervisión e comprobación dos seus servizos técnicos, e se o estima oportuno, poderaos someter á aprobación do órgano de goberno que corresponda, coa finalidade de autorizar as actuacións previstas nos mesmos.

3º.- Formalizado o patrocinio, remitirase unha copia á Deputación Provincial e comunicarse a esta Institución a data e a hora en que terá lugar a súa sinatura, á que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Corporación provincial.

4º.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ó órgano de contratación e ós responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

5º.- A Administración municipal remitira á provincial as sucesivas facturas polas accións de patrocinio que expida a empresa adjudicataria, xunto coa certificación da súa aprobación polo órgano correspondente. A cantidade correspondente a cada factura será reembolsada ó Concello de Vigo pola Administración provincial mediante transferencia bancaria, que será librada logo da fiscalización pola Intervención provincial das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria, e na parte proporcional do financiamento. Para a súa percepción será preciso presentar a seguinte documentación:

Memoria da actividade que se realizou e dos resultados obtidos debidamente asinada.

Informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo competente do Concello.

Facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello.

Conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada.

Declaración responsable de que os gastos e ingresos que figuran na conta xustificativa se destinaron á actividade obxecto do convenio.

Declaración responsable de que os ingresos obtidos e das subvencións ou axudas obtidas non superan o custo da actividade.

Memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade.

Certificación de pagamento a favor do adjudicatario do contrato de proxecto de promoción deportiva, asinado polo Tesoureiro do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

Acreditación da difusión dada á colaboración da Deputación no financiamento da actividade.

Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

O Concello de Vigo presentará a documentación xustificativa no prazo de tres meses, como máximo, desde a finalización do prazo para a realización da actividade. Non obstante, o Concello de Vigo poderá facer xustificacións parciais segundo se vaian executando cada unha das actuacións obxecto do contrato de promoción deportiva.

CUARTO.- COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Vigo obrígase a:

- Levar a cabo a tramitación administrativa vinculada co contrato de patrocinio do evento World Pádel Tour Concello de Vigo 2019.
- Obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Dirixir, executar e controlar o cumprimento dos termos do patrocinio.
- Remitir, unha vez formalizado, unha copia do contrato de promoción deportiva do pádel á Deputación Provincial.
- Xustificar perante a Deputación as accións de patrocinio executadas mediante a presentación das correspondentes facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a prestación dos servizos obxecto do mesmo levouse a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.
- Destinar os fondos percibidos ó obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ó Tribunal de Contas e ó Consello de Contas.

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ó cumprimento das obrigas contidas na normativa reguladora en materia de subvencións, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

QUINTO.- COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN

A Deputación de Pontevedra obrígase a:

- Achegar a contía derivada do presente convenio, achegando a cantidade correspondente, de conformidade co disposto no pacto segundo, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, na parte proporcional do financiamento.

O pagamento das diferentes prestacións obxecto do convenio realizarase de acordo co establecido no pacto terceiro (“Execución do Convenio”).

- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requerida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ó Tribunal de Contas e ó Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial núm. 2017008767, de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000,00 euros.

SEXTO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e informacións relativas ás actuacións de promoción deportiva do World Pádel Tour Concello de Vigo 2019 incluírase a imaxe corporativa que a este fin facilite, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra.

As accións de promoción a desenvolver no marco do convenio que terá por obxectivo procurar atraer a turistas de diferentes perfís e segmentos á cidade de Vigo, así como o fomento do deporte do pádel, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración prestada pola Deputación de Pontevedra.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración, do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

SÉTIMO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo das contratacións subvencionadas.



Concello de Vigo

OITAVO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ó efecto as instrucións oportunas
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten de ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.
- A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ó seu responsable e ó seu secretario que levantará acta das súas reunións.

NOVENO.- VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución dos contratos a que o mesmo se refire, sen que en ningún caso o seu prazo de vixencia poida superar o 31 de decembro de 2019.

DÉCIMO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- 2º.- O acordo unánime dos asinantes.
- 3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ó responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

6º.- Polo incumprimento do contrato por parte da empresa adxudicataria.

UNDÉCIMO.- RÉXIME XURÍDICO.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector Público: a Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control, as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

10(351).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DUN SISTEMA DE ALARMA ANTIRROUBO CON VIDEOVIXILANCIA NOS CENTROS DE EMPREGO. EXPTE. 16138/77.

A Xunta de Goberno local retira este expediente da orde do día.

11(352).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA FESTAS TRADICIONAIS PATRONAIS E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS QUE SE REALICEN NO ANO 2019. EXPTE. 7861/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 25/03/19 e o informe de fiscalización do 23/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 17/04/19, asinado polo técnico de xestión do Servizo de Festas, a concelleira-



Concello de Vigo

delegada do Servizo de Festas e Turismo e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

INFORME.

Con data 5 de febreiro de 2019, a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu que se iniciase o expediente para a convocatoria, bases reguladoras e extracto de subvencións para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades de ámbito sociocultural que se realicen con carácter público en Vigo durante o ano 2019.

A concesión de subvencións do Servizo de Festas da Concellería de Festas e Turismo do Concello de Vigo realizarase dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos municipais, para Festas Tradicionais e Patronais e o desenvolvemento de actividades socioculturais que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

A contía total destinada á presente convocatoria ascende a 100.000,00 euros con cargo á aplicación 3380.489.0000 (transferencias a entidades e comisións de festas) do programa orzamentario de Festas do vixente exercicio.

O ámbito temporal dos programa de actividades e gastos a subvencionar é dende o 1 de novembro de 2018 ata o 31 de outubro do presente ano. As actividades realizadas no mes de novembro e decembro do ano 2019 incorporaranse á convocatoria anual seguinte.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (promoción da cultura e equipamentos culturais) e o 80.2. n) da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (actividades culturais), e a tal fin redactáronse polo Servizo de Festas a convocatoria, as bases reguladoras e o extracto que se achegan a este expediente.

Os destinatarios, presentación de solicitudes, prazos, publicación, procedemento de concesión, criterios de valoración, obrigas, pagamentos e xustificación, seguimento e control atópanse nas bases reguladoras, no marco xurídico definido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei de Galicia 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado polo que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no SNPS e a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade de subvencións, en cumprimento do establecido no artigo 18.1. da Lei 38/2003. A tales efectos, as administracións concedentes deberán remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas nos términos establecidos no artigo 20 da antedita lei.

Os beneficiarios deberán dar publicidade das subvencións e axudas nos termos e condicións establecidos na Lei 19/2013. No caso de que se faga uso da previsión contida no artigo 5.4 da citada Lei, a Base de Datos Nacional de Subvencións servirá de medio

electrónico para o cumprimento das obrigacións de publicidade. Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, inversións ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos termos regulamentariamente establecidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, os beneficiarios están obrigados a relacionarse de forma electrónica coas administracións públicas.

No relativo ao procedemento de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva. A concesión das subvencións realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas, coa fin de establecer unha prelación entre as mesmas, conforme aos criterios de avaliación sinalados na base anterior, coa excepción dos conceptos a subvencionar 1.1); 1.2) e 1.3) da convocatoria que se lles aplicará unha cantidade fixa respectivamente: Festas tradicionais e patronais 6.000 €; Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias 3.000 € e Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias 2.000 €. Procederase en primeiro lugar á avaliación das solicitudes que optaron aos conceptos a subvencionar 1.1); 1.2) e 1.3) e á suma da cantidade total deste concepto. O saldo restante distribuirase entre as solicitudes que optaron aos conceptos a subvencionar 2.1) e 2.2) mediante á avaliación por puntos de cada unha das solicitudes admitidas conforme o establecido na base oitava – criterios de valoración- das bases da convocatoria. A suma total de puntos se divide entre o saldo restante (a cantidade de 100.000 € menos a suma do importe concedido aos conceptos a subvencionar 1.1); 1.2) e 1.3) coa fin de obter o valor por punto.

O importe máximo a conceder a cada entidade solicitante por cada concepto a subvencionar será do 75% do importe do proxecto presentado, sempre que alcancen o mínimo de puntos establecido na convocatoria anual (30 puntos)

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, as entidades beneficiarias terán que achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A teor do disposto no artigo. 81 do RD 887/2006, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos - EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións



Concello de Vigo

convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da convocatoria, bases e extracto de subvencións para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades socioculturais que se realicen no ano 2019 e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007.

Á vista do exposto, tras os informes xurídicos e previo informe da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira da Área de Festas e Turismo e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA.

“Primeiro.- Que se aproben a Convocatoria, Bases reguladoras e Extracto de subvencións para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades socioculturais que se realicen no ano 2019.

Segundo.- Que se autorice e dispoña un gasto por un importe de 100.000,00 euros con cargo á aplicación 3380.489.0000 (transferencias a entidades e comisións de festas) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio, para atender as solicitudes que se presenten ao abeiro desta convocatoria.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS PARA FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS REALIZADAS NO ANO 2019.

Primeira.- OBXECTO

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión de subvencións do Servizo de Festas da Concellería de Festas e Turismo do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos municipais, para o desenvolvemento de programas de Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades socioculturais que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

Segunda.- OBXECTIVOS DAS AXUDAS.

- Conseguir unha cidadanía participativa e transformadora do seu contorno, cara á consecución da mellora da súa calidade de vida e a cohesión social da cidade que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

- Fortalecer o tecido asociativo que traballa no ámbito sociocultural.
- Fomentar valores sociais e culturais na cidadanía, a través da difusión e do coñecemento da nosa identidade cultural.
- Favorecer a cooperación entre o sector público e as entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento de programas de actividades de animación sociocultural que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

2.- O ámbito espacial destas actividades será o termo municipal de Vigo, dende unha dimensión de barrio, parroquia ou cidade.

Terceira: CONVOCATORIA

a) Con carácter anual, aprobaranse as convocatorias para o outorgamento das subvencións, que se axustarán ao disposto por estas bases.

b) A convocatoria establecerá como mínimo:

1. Obxecto.
2. Partida económica e créditos máximos adicados.
3. Procedemento de concesión.
4. Publicación, prazo e lugar de presentación de solicitudes.
5. Requisitos dos solicitantes.
6. Lugar onde poden obter as bases da convocatoria e formularios necesarios para concorrer a ésta, información da súa data de publicación no BOPPO.
7. Lugar onde se poden obter as bases e formularios.
8. Ámbito temporal dos programas e gastos a subvencionar.

Cuarta.- BENEFICIARIOS

Poderán solicitar subvención, segundo o programa a subvencionar recollido da convocatoria anual, as entidades xurídica sen ánimo de lucro que reúnan os seguintes requisitos:

- 1.- Asociacións que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións á data de presentación da solicitude.
- 2.- Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- 3.- Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
- 4.- Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.
- 5.- Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo no ano anterior.



Concello de Vigo

7.- Os demais requisitos previstos no artigo 9 da Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia, artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.

Quinta: SOLICITUDES.

1.- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14. 2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login>.

As persoas que concorren a esta convocatoria presentarán as solicitudes por calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, mediante a instancia-formulario de solicitude que se establece para tal efecto con estas bases ([Anexo I.1](#) e [Anexo I.2](#)).

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na paxina web (www.vigo.org).

No caso de que se achegue a solicitude de maneira presencial, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a emenda.

Todas as solicitudes, así como as posibles emendas telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

A mera presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

2.- Prazo de presentación das solicitudes: o establecido na convocatoria anual e sempre nun período non inferior a 10 días hábiles, a contar dende a publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

3.- Información e tramitación: Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñíbel no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, servizos de información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.vigo.org) e servizo de Festas, en cumprimento do establecido nos artigos 13.d) e 16 da Lei 39/2015.

4.- A través da convocatoria anual poderanse limitar o número de programas que poden ser presentados dentro dun mesmo concepto a subvencionar.

5.- O outorgamento da subvención non poderá superar, en ningún caso, o 75% do importe do proxecto presentado.

6.- Na mesma solicitude, incorporárase a declaración positiva de que a entidade solicitante non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria prevista no artigo 13 da Lei 38/2003.

7.- Os interesados non estarán obrigados a aportar documentos que foran elaborados por calquera administración, en cumprimento do establecido no artigo 28.2. da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Entenderase que a consulta ou obtención é autorizada polos interesados salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa o a lei especial aplicable requira consentimento expreso.

Séxta: DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

Xunto coa instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación e información:

6.1. Para todos os solicitantes:

- a.- Fotocopia compulsada do CIF ou NIF.
- b.- Certificado da titularidade da conta bancaria para aqueles solicitantes que non recibiron nunca subvención municipal ou ningún outro pago por calquera concepto e que, polo tanto, non figuren inscritos no Rexistro de Acredores do Concello.
- c.- Os interesados non estarán obrigados a aportar documentos que foran elaborados por calquera administración, en cumprimento do establecido no artigo 28.2. da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Entenderase que a consulta ou obtención é autorizada polos interesados salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa o a lei especial aplicable requira consentimento expreso.

6.2. Para as entidades que opten á liña de subvención 1 Festas tradicionais e patronais: (1.1.- Festas de especial interese no ámbito urbano; 1.2.-Festas patronais en barrios e parroquias (incluídas no calendario festivo anual) e 1.3.- Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias).

Ademais da documentación recollida no punto 6.1. terá que presentar cumprimentados os Anexo I, Anexo I.1. e Anexo III e un programa con todas as actividades a desenvolver na festa.

6.3. Para as entidades que opten á liña de subvención 2 Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas:(2.1.-Proxectos de actividades relacionados coas artes escénicas, música, danza, artes plásticas e literatura e 2.2.- Proxectos de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias).

Ademais da documentación recollida no punto 6.1 e o Anexo I.2. terá que presentar cumprimentado o seguinte:

6.3.a)Anexo II.- Ficha resume de cada programa de actividades facilitado polo Concello e identificativo dos principais elementos xerais deste: denominación, adscrición ao programa, fundamentación das necesidades e a razón do proxecto, ámbito de execución, coordinación, obxectivos, destinatarios, metodoloxía, temporalización, recursos humanos, materiais e económicos, sistemas de seguimento e avaliación.

6.3.b) No caso de publicacións periódicas de carácter informativo e divulgativo no ámbito da animación sociocultural, cumpriran os seguintes requisitos:

- a) Non ter carácter de boletín interno da asociación.
- b) Presentar un proxecto editorial no que se inclúa entre outros datos: responsábeis da redacción e da edición, índice, número de páxinas, número de exemplares, características (tamaño, cores, papel, etc), periodicidade da tirada, números xa publicados, sistema de distribución e plan de financiamento.
- c) Dispoñer de depósito legal.
- d) Indicar na contraportada da publicación o patrocinio da Concellaría de Festas e Turismo.
- e) Depositar gratuitamente tres exemplares na Concellaría de Festas e Turismo no prazo máximo dun mes dende a súa edición.



Concello de Vigo

- f) Se a publicación xa está editada e cumpre cos requisitos anteriores, presentarase, xunto ao proxecto, un exemplar dela.

6.3.c)- No que atinxe ao desenvolvemento de cursos de formación, achegarase o currículo do profesorado, os datos de custo hora por alumnado e custo hora por profesor/a, así como as características técnicas do local de formación e os recursos didácticos cos que se contan.

6.3.d)- A solicitude presentada que non inclúa o proxecto específico para o cal solicita subvención será directamente excluída, sen prexuízo do disposto polo artigo 68 da Lei 39/2015.

6.3.e).- O orzamento da actividade (Anexo III).

Sétima: DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES.

7.1.- Unha vez presentadas as solicitudes os proxectos solicitados xunto coa documentación presentada polas asociacións, desestimaranse aquelas cuxos proxectos :

a).- Aqueles que para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.

b).- Aqueles que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.

c).- Aqueles nos que os gastos subvencionados leven asociados investimentos en bens de natureza inventariábel (infraestruturas e equipamentos) e o seu mantemento, sempre que supoña un incremento da vida útil dos bens; os gastos de carácter suntuario, liberalidades ou gastos financeiros.

d).- Aqueles que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.

e).- Aqueles de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.

f).- Aqueles que inclúan actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.

g).- Aqueles que en consideración ao proxecto e programación non reúnan as condicións mínimas de interese xeral e non acaden unha puntuación mínima suficiente establecida na convocatoria anual (30 puntos), xa que de non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición do proxecto ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.

7.2.- Tamén se desestimarán as solicitudes que:

a).- Que a solicitude se presente fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.

b).- A falta de xustificación en tempo e forma dalgunha das subvencións concedidas na convocatoria do ano 2018.

c).- Que a entidade solicitante non teña a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.

d) Aquelas que non presenten o proxecto específico.

e).- Aquelas entidades que soliciten axudas para actividades non recollidas na cláusula novena da convocatoria (liñas de subvencións. Conceptos subvencionabels).

f).- Aquelas entidades que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, non teñan obxectivos e finalidades de carácter sociocultural.

g).- Aquelas entidades que teñan previsto a realización das actividades obxecto de subvención fóra do término municipal de Vigo.

h).- Aquelas que non sexan presentadas por medios electrónicos a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica.

Oitava: LIÑAS DE SUBVENCIONS. CONCEPTOS A SUBVENCIONAR

LIÑAS DE SUBVENCIÓN:

1.- Festas tradicionais e patronais.

2.- Actividades socioculturais e actividades relacionadas coas artes escénicas.

CONCEPTOS A SUBVENCIONAR EN CADA UNHA DAS LIÑAS DE SUBVENCIÓN:

1.- Festas tradicionais e patronais: (O número máximo de programas a presentar a este concepto a subvencionar será de 1 programa).

1.1.- Festas de especial interese no ámbito urbano.

Asignación fixa de **6.000 €** para aquelas festas celebradas no ámbito urbano con unha antigüidade de máis de 50 anos e un presuposto de superior a 40.000 €.

1.2.-Festas patronais en barrios e parroquias (incluídas no calendario festivo anual).

Asignación fixa de **3.000 €** por festa patronal incluída no calendario festivo anual, cunha antigüidade de máis de 25 anos e que teñan un orzamento superior a 20.000 €.

1.3.- Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias.

Asignación fixa de **2.000 €** por festa gastronómica que teñan unha antigüidade de máis de 15 anos.

No referente a contía máxima a subvencionar é do 75% do presuposto.

En canto ao ámbito temporal dos programa de actividades e gastos a subvencionar será dende o 1 de novembro de 2018 ata o 31 de outubro do presente ano. As actividades realizadas nos meses de novembro e decembro do ano 2018 incorporaranse á convocatoria anual seguinte.

2.- Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas.

2.1.-Proxectos de actividades relacionados coas artes escénicas, música, danza, artes plásticas e literatura: O nº máximo de programas a presentar será de 1 programa)

Contía máxima a subvencionar é do 75% do presuposto.

Límite mínimo de puntos: 30

2.2.- Proxectos de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias: O número máximo de programas a presentar será de 1 programa)

Contía máxima a subvencionar é do 75% do presuposto.

Límite mínimo de puntos: 30



Concello de Vigo

Novena: CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Na valoración das actividades socioculturais incluídas na liña de subvención 2 aplicaranse as seguintes puntuacións ata un máximo de 100 puntos:

1. CRITERIOS PARA AVALIACIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE: Ata 40 puntos.

1.A): Traxectoria e antigüidade da entidade: ata 10 puntos.

Puntuación valorada en base aos datos relativos a antigüidade sinalados pola entidade na súa declaración responsabel (Anexo I.2), (7.1) e trasladados a táboa de puntuación.

Traxectoria e antigüidade da entidade					
De 0 a 3 anos	De 4 a 10 anos	De 11 a 20 anos	De 21 a 35 anos	De 36 a 60 anos	Maís de 61 anos
0 puntos	2 puntos	4 puntos	6 puntos	8 puntos	10 puntos

1.B): Masa social e representatividade: ata 20 puntos.

Enténdese como masa social, o número de habitantes do ámbito de influencia da entidade; e como representatividade a porcentaxe resultante do número de socios entre a poboación ou masa social.

Puntuación valorada sobre a información aportada pola entidade sobre o número de socios e poboación no seu ámbito de influencia no ano 2018, recollida nos anexos I.2 (7.2) ou sobre o plano facilitado polo departamento de estadística a petición da entidade solicitante, relativo a poboación que abarca o seu ámbito de influencia con relación ao número de socios, e trasladada á táboa de puntuación.

Masa social e representatividade									
Menos do 5%	Do 6% ó 10%	Do 11% ó 15%	Do 16% ó 20%	Do 21% ó 25%	Do 26% ó 30%	Do 31% ó 35%	Do 36% ó 40%	Do 41% ó 50%	Mais do 50%
2 puntos	4 puntos	6 puntos	8 puntos	10 puntos	12 puntos	14 puntos	16 puntos	18 puntos	20 puntos

1.C): Ámbito xeográfico da entidade e poboación destinataria: ata 10 puntos.

Puntuación valorada en base aos datos do ámbito de intervención da entidade e alcance social sinalados pola entidade no Anexo I.2, (7.3) e trasladados a táboa de puntuación.

Ámbito xeográfico da entidade e poboación destinataria				
Barrio	Parroquia	Distrito	Municipal	*Comarcal
2 puntos	4 puntos	6 puntos	8 puntos	10 puntos

* Para este ámbito xeográfico terá que aportar xustificación da representación fora do municipio.

2.- CRITERIOS PARA AVALIACIÓN DE CADA PROGRAMA OU PROXECTO: Ata 60 puntos.

2 A): Interese e calidade do programa: Ata 50 puntos.

2 A) 1.- Fundamentación das necesidades, razón, obxectivo e alcance do programa: Valórase ata 20 puntos a aqueles proxectos de interese sociocultural cun contido que complemente ou supla a programación que sexa competencia do servizo de Festas.

2 A) 2.- Innovación: Valórase ata 5 puntos aquelas propostas innovadoras ou diferentes.

2 A) 3.- Duración e consolidación: Valórase ata 5 puntos ás propostas consolidadas no tempo e que levan realizándose ininterrompidamente dende anos.

2 A) 4.- Temporización: Valóranse ata 10 puntos aqueles programas que conleven un calendario de preparación da actividade ou cuxo desenvolvemento sexa realizado ao longo de varias xornadas ou espazos de tempo diferente.

2 A) 5.- Recursos humanos e materiais: Valorarase ata 10 puntos aqueles proxectos que impliquen a participación dos recursos humanos e materiais propios da entidade.

2.B): Viabilidade técnico-económica e financeira do proxecto: ata 10 puntos.

2 B)1.- Viabilidade económica: Valorarase ata 10 puntos. O resultado da puntuación ven dado polo traslado á táboa de puntuación da porcentaxe económica que solicitan con respecto ao custe do proxecto, segundo consta no orzamento aportado no anexo III das bases.

Viabilidade técnico-económica e financeira do proxecto								
Importe subvencionado 0% ó 10%	Importe subvencionado 11% ó 20%	Importe subvencionado 21% ó 30%	Importe subvencionado 31% ó 40%	Importe subvencionado 41% ó 50%	Importe subvencionado 51% ó 60%	Importe subvencionado 61% ó 70%	Importe subvencionado 71% ó 75%	Importe subvencionado 76% ou máis
10 puntos	8 puntos	6 puntos	5 puntos	4 puntos	3 puntos	2 puntos	1 puntos	0 puntos

Os datos para obter as puntuacións nas táboas 1A), 1B), 1C) e 2B) son datos obxectivos, facilitados polas propias entidades solicitantes ou obtidos de oficio polo servizo de Festas.

A xustificación das subvencións solicitadas e concedidas en convocatorias anteriores é un requisito para a concesión das subvencións.

A Comisión de Avaliación encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no Concello de Vigo.

Décima.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN E CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIONES.

O procedemento de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concurrencia competitiva. A concesión das subvencións realizaranse mediante a comparación das solicitudes presentadas, coa fin de establecer unha prelación entre as mesmas, conforme aos criterios de avaliación sinalados na base anterior, coa excepción dos conceptos subvencionables 1.1); 1.2) e



Concello de Vigo

1.3) da convocatoria que se lles aplicará unha cantidade fixa respectivamente: Festas de especial interese no ámbito urbano 6.000 €; Festas Patronais en barrios e parroquias (incluídas no calendario festivo anual) 3.000 € e Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias 2.000 €.

Procederáse en primeiro lugar á avaliación das solicitudes que optaron aos conceptos subvencionables 1.1); 1.2) e 1.3) e á suma da cantidade total deste concepto. O saldo restante distribuiráse entre as solicitudes que optaron aos conceptos subvencionables 2.1) e 2.2) mediante á avaliación por puntos de cada unha das solicitudes admitidas conforme o establecido na base oitava – criterios de valoración- das bases da convocatoria. A suma total de puntos se divide entre o saldo restante (a cantidade de 100.000 € menos a suma do importe concedido aos conceptos subvencionables 1.1); 1.2) e 1.3) coa fin de obter o valor por punto.

O importe máximo a conceder a cada entidade solicitante por cada concepto subvencionable será do 75% do importe do proxecto presentado, sempre que alcancen o mínimo de puntos establecido na convocatoria anual (30 puntos)

Décimo primeira:-INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN

1.- A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle ao Servizo de Festas que revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida.

2.- Os solicitantes, a requirimento do Servizo de Festas, disporán dun prazo improrrogábel de dez (10) días para completar a documentación ou os defectos materiais e formais que se aprecien, con apercibimento de que, se así non o fixesen, se lles tería por desestimada súa petición, previa resolución ditada nos termos previstos nos artigos 21 e 68 da Lei 39/2015.

3.- Rematada a instrución do expediente, este será remitido á Comisión de Avaliación, integrada pola concelleira delegada da Área de Festas e Turismo que actuará como presidenta, e un/unha vogal designado/a entre o persoal técnico do Concello que fará as funcións de Secretario/a.

En cumprimento do disposto no art. 21.4 párrafo 6 da Lei de subvencións de Galicia, e artigo 24.4 da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de subvencións, o órgano instrutor acreditará na proposta que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas, segundo a información que obra no seu poder.

4.- A valoración individual das subvencións determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes a que se refire a base oitava e valorando as restantes solicitudes conforme ao establecido na base novena.

5.- Prazo de resolución e notificación:

O prazo máximo de resolución das solicitudes e notificación ás entidades solicitantes é de tres meses contados a partir da publicación da convocatoria, e notificaranse tanto as subvencións concedidas como as denegadas. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/as interesados/as os avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

A resolución de solicitudes de subvención será competencia da Xunta de Goberno Local, á proposta do Órgano Instrutor.

A resolución da solicitude de subvención seralles notificada a todos os solicitantes, no prazo máximo de tres meses contados a partir da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO, e notificarase tanto as subvencións concedidas como as denegadas. Transcorrido dito prazo sen que recaía resolución expresa, deberá entenderse desestimada. Dita resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a dictase no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se o acto fose expreso, ou no prazo de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ser impugnado directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses se o acto é expreso e de seis meses se o acto é presunto, a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Unha vez notificado o acordo de concesión, e de non existir escrito de renuncia polo beneficiario no prazo de 10 días contados dende a recepción da notificación, entenderase que a subvención foi aceptada.

Contra a resolución poderá interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-administrativo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses; ambos os dous prazos contados dende o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución.

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC

Décimo segunda- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

a) Cumprir todas as estipulacións establecidas nestas bases e no marco xurídico definido na Lei de Galicia 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia, Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

b) Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

c) Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención.

d) Comunicar calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización da actividade subvencionada.



Concello de Vigo

e) Informar e publicitar as actividades subvencionadas e financiamento municipal, incorporando o logotipo do Concello de Vigo, nos materiais impresos (carteis, folletos, follas informativas...), placas conmemorativas, medios electrónicos ou audiovisuais, ou anuncios nos medios de comunicación escritos.

f) A lingua que se empregará, nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia; a Concellería de Festas estudará cal sería a lingua a empregar para a difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme á Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

Décimo terceira.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS.

A concesión de subvencións ao abeiro da presente convocatoria será compatíbel con outras outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas. En calquera caso o montante do financiamento obtido, por subvención ou outras fontes, non poderá resultar superior ao custo do programa subvencionado.

Décimo cuarta.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) os beneficiarios están obrigados a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.

A beneficiaria, deberá xustificar antes do 1 de novembro de 2019, o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

1.- Prazo de xustificación: unha vez rematado o programa, e como data límite o 1 de novembro de 2019 terá que xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

2.- Cantidade a xustificar: O beneficiario terá que presentar facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel equivalentes ao importe concedido e ademais unha memoria económica xustificativa de gastos ata o 100% do orzamento do proxecto presentado.

3.- Sistema de xustificación: A tal efecto deberá achegar electrónicamente unha conta xustificativa coa seguinte documentación:

a) Solicitud de liquidación e memoria das actividades levadas a cabo para a execución de cada programa, segundo o modelo facilitado polo Concello (ANEXO IV), que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:

- Datos sobre os participantes na actividade: número de beneficiarios, perfil, etc.
- Explicación detallada do desenvolvemento da actividade.
- Memoria de prensa.
- A memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas incluírá o seguinte:

- b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:
 - Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
 - Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
 - Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. Dadas as características das entidades beneficiarias e de conformidade co regulado no artigo 31.2 da Lei 38/2003, admitiranse para esta xustificación facturas que non estean efectivamente pagadas con anterioridade á finalización do período de xustificación.
 - As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.



Concello de Vigo

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

4.- Pagamento da subvención: efectuarase mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade declarada xunto a solicitude.

O pagamento non se levará a cabo se a entidade beneficiaria tivese pendente de xustificar algunha subvención cun prazo de xustificación xa rematado.

5.- Procederá, por razóns xustificadas, o dereito ao cobro parcial e redución da subvención no caso da non execución dalgunha das actividades previstas no proxecto ou incumprimento dalgunha das obrigas do beneficiario. En caso de non xustificarse a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción. A resolución da redución das axudas será competencia da Xunta de Goberno Local. Asemade, reducirase a subvención cando os gastos xustificadas fosen inferiores aos subvencionados, ou se obtivesen ingresos superiores aos previstos.

Décimo quinta.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión desta será comprobada polo servizo de Festas. A xefa do servizo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

Décimo sexta.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo servizo de Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo sétima.- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO, REVOGACIÓN, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONES. REXIMEN DE INFRACCIONES E SANCIONES.

1.- Procede a revogación parcial ou total da subvención e a obriga do reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pago, sen menoscabo das sancións que, no seu caso, resulten esixíbeis no caso de:

a) Incumprimento por parte do/a beneficiario/a das subvencións de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento; así como a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, ou obtención concorrente doutras axudas compatíbeis ou incompatíbeis dará lugar á revogación.

b) A non xustificación da subvención no prazo concedido.

2.- O beneficiario poderá renunciar voluntariamente á subvención, reintegrando, no seu caso, o importe percibido, nas condicións que establece a normativa legal de aplicación. A renuncia soamente poderá admitirse no prazo de tres meses a contar dende a notificación definitiva do

outorgamento da axuda, no caso contrario procederá a anulación por incumprimento, coa conseguinte esixencia das responsabilidades que dela se deriven.

3.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións: Cando ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

5.- Canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo oitava.- PUBLICIDADE DAS SUBVENCIONES CONCEDIDAS.

A Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade de subvencións, en cumprimento do establecido no artigo 18.1. da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións.

De acordo co previsto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

A tales efectos, as administracións concedentes deberán remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas nos términos establecidos no artigo 20 da antedita lei.

Os beneficiarios deberán dar publicidade das subvencións e axudas nos termos e condicións establecidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. No caso de que se faga uso da previsión contida no artigo 5.4 da citada Lei, a Base de Datos Nacional de Subvencións servirá de medio electrónico para o cumprimento das obrigacións de publicidade.

Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público da financiación de programas, actividades, inversións o actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos termos regulamentariamente establecidos.

Décimo novena.-SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN

O persoal técnico do servizo será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á conta xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

Vixésima.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, convocatoria e extracto, a práctica das



Concello de Vigo

publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembre, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento o servizo de Festas.

Con relación ao exercicio de dereitos sobre protección de datos, os interesados poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión dos seus datos e demais que lle recoñeza a normativa reguladora a través da Sede electrónica do Concello de Vigo (www.vigo.org) e demais lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vixésimo primeira- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno, resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado polo que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no SNPS, a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2019, Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembre, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vixésimo segunda.- DISPOSICIÓN FINAL.

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que están obrigadas as entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

CONVOCATORIA E BASES DE SUBVENCÍONS PARA FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURALS REALIZADAS NO ANO 2019.

En virtude do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno, resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado polo que se regula o proceso de

registro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no SNPS, Lei 39/2105 de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e ao amparo do recollido nos artigos 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, a Xefa do servizo de Festas da Concellería de Festas e Turismo do Concello de Vigo redactou a convocatoria, bases reguladoras e o extracto para a convocatoria de subvencións para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades socioculturais realizadas no ano 2019 en réxime de concorrencia competitiva seguinte:

PRIMEIRO.- CONVOCATORIA para festas tradicionais e patronais e desenvolvemento de actividades socioculturais realizadas no ano 2019.

Primeira.- Obxecto

A concesión de subvencións do Servizo de Festas da Concellería de Festas e Turismo do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos municipais, para Festas Tradicionais e Patronais e o desenvolvemento de actividades socioculturais que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

Segunda.- Partida económica e créditos

A contía da presente convocatoria ascende a 100.000 euros, con cargo á partida 3380.489.0000 (transferencias a entidades e comisións de festas) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio.

Terceira.- Procedemento de concesión

O procedemento de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrencia competitiva, segundo o establecido no artigo 22.1. da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; e artigo 19 puntos 1 e 2 da Lei 9/2007 de xuño de subvencións de Galicia.

Cuarta.- Publicación, prazo e lugar de presentación de solicitudes.

As presentes bases reguladoras serán publicadas no BOPPO. Con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa publicación na prensa local, e no taboleiro de anuncios municipal.

O prazo para a presentación de solicitudes será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. (BOPPO), e que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do artigo 30 da LPAC.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14. 2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos



Concello de Vigo

mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login>.

As persoas que concorren a esta convocatoria presentarán as solicitudes por calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, mediante a instancia-formulario de solicitude que se establece para tal efecto con estas bases (Anexo I).

No caso de que se achegue a solicitude de maneira presencial, requiriranse a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizada a emenda.

Quinta.- Solicitantes

Persoas xurídicas sen ánimo de lucro a todos os conceptos a subvencionar.

Sexta.- Lugar onde se poden obter as bases e formularios:

Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñíbel no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, servizos de información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.vigo.org) e servizo de Festas, dende o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), en cumprimento do establecido nos artigos 13.d) e 16 da Lei 39/2015, e de acordo co previsto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.

Sétima.- Ámbito temporal dos programa de actividades e gastos a subvencionar:

Dende o 1 de novembro de 2018 ata o 31 de outubro do presente ano.

As actividades realizadas no meses de novembro e decembro incorporaranse á convocatoria anual seguinte.

Oitava- Liñas de subvencións. Conceptos a subvencionar.

LIÑAS DE SUBVENCIÓN:

1.- Festas tradicionais e patronais.

2.- Actividades socioculturais e actividades relacionadas coas artes escénicas.

CONCEPTOS A SUBVENCIONAR EN CADA UNHA DAS LIÑAS DE SUBVENCIÓN:

1.- Festas tradicionais e patronais:

1.1.- Festas de especial interese no ámbito urbano.

Asignación fixa de **6.000 €** para aquelas festas celebradas no ámbito urbano con unha antigüidade de máis de 50 anos e un presuposto de superior a 40.000 €.

1.2.-Festas patronais en barrios e parroquias (incluídas no calendario festivo anual).

Asignación fixa de **3.000 €** por festa patronal incluída no calendario festivo anual, cunha antigüidade de máis de 25 anos e que teñan un orzamento superior a 20.000 €.

1.3.- Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias.

Asignación fixa de **2.000 €** por festa gastronómica que teñan unha antigüidade de máis de 15 anos.

- Contía máxima da subvención: 75% do presuposto do programa.
- O número máximo de programas a subvencionar con cargo ao primeiro punto (**Festas tradicionais e patronais**) será de 1 programa.

2.- Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas.

2.1.-Proxectos de actividades relacionados coas artes escénicas, música, danza, artes plásticas e literatura:

- Contía máxima da subvención: 75% do presuposto.
- Límite mínimo de puntos: 30
- O número máximo de programas a subvencionar con cargo ao punto 2.1 (Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas) será de 1 programa.

2.2.- Proxectos de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias.

- Contía máxima da subvención: 75% do presuposto.
- Límite mínimo de puntos: 30
- O número máximo de programas a subvencionar con cargo ao punto 2.2 (Proxectos de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias) será de 1 programa.

EXTRACTO PARA FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS REALIZADAS NO ANO 2019.

TITULO.

Extracto do acordo de data _____ da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo polo que se aproba a convocatoria, bases reguladoras e extracto para subvencións para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades socioculturais realizadas no ano 2019.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b). e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publicarase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>), e que deberá conter, como mínimo a seguinte información:



Concello de Vigo

Primeiro.- BENEFICIARIOS

1.- Poderán solicitar subvención, as entidades xurídicas sen ánimo de lucro que reúnan os requisitos recollidos na convocatoria anual e bases reguladoras de subvencións para actividades socioculturais 2019.

Segundo.- OBXECTO

O obxecto da presente convocatoria e bases é a regulación da concesión de subvencións do Servizo de Festas da Concellería de Festas e Turismo do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos municipais, para o desenvolvemento de programas de actividades socioculturais que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

Terceiro.- BASES REGULADORAS.

As presentes bases reguladoras serán publicadas no BOPPO. Estarán a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, no servizo de información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.vigo.org), e servizo de Festas dende o día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia. (BOPPO).

Cuarto.- CONTIA

A contía da presente convocatoria ascende a 100.000 euros, con cargo á partida 3380.489.0000 (transferencias a entidades e comisións de festas) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio. O procedemento de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concurrencia competitiva, segundo o establecido no artigo 22.1. da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; e artigo 19 puntos 1 e 2 da Lei 9/2007 de xuño de subvencións de Galicia.

Quinto.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo para a presentación de solicitudes será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. (BOPPO), e que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do artigo 30 da LPAC.

Sexto.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14. 2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login>.

As persoas que concorren a esta convocatoria presentarán as solicitudes por calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, mediante a instancia-formulario de solicitude que se establece para tal efecto con estas bases (Anexo I).

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente, requiriranse a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizada a subsanación.

12(353).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL “O MARISQUIÑO 2019”. EXPTE. 7920/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 17/04/19 e o informe de fiscalización do 29/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 15/04/19, asinado polo técnico de Xestión do Servizo de Festas, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu en data 15 de abril de 2019 que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Pontevedra e o Excmo. Concello de Vigo para o desenvolvemento do festival “**O Marisquiño 2019**” que terá lugar en Vigo os vindeiros 9, 10 e 11 de agosto.

Con data 20 de novembro de 2015, no exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo asinaron un Protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio Protocolo se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen os de promoción da cultura (*achégase copia ao expediente*).

No Protocolo de colaboración estableceuse que as distintas actuacións previstas desenvolveranse a través de convenios específicos, cuxa execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O Concello de Vigo, está interesado en apoiar e potenciar a oferta cultural da cidade, así como en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais, es por isto que no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.470.0001 (Convenio Marisquiño), prevé a concesión dunha subvención para a organización do festival “O Marisquiño”.

Dende o ano 2004, a sociedade Ulisesproyect Eventos Especiales SLU, CIF B-36.957.132, vén realizando a organización do programa “**O Marisquiño**”, de actividades dedicadas á cultura e aos deportes urbanos cun gran éxito organizativo e de aceptación cidadana que conta cunha grande afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais.

D. Carlos Domínguez Fernández, propietario único da entidade e dos dereitos de uso da marca “O Marisquiño” manifesta que a súa sociedade ostenta os dereitos de uso, execución



Concello de Vigo

e comunicación da devandita marca. (Achégase a documentación acreditativa no expediente).

Por todo o exposto e, ao amparo do Protocolo de colaboración entre o Concello de Vigo e a Excm. Deputación de Pontevedra, esta previsto a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra para coadxuvar ao desenvolvemento do festival “O Marisquiño” por importe de **181.500,00 euros**.

Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun festival de grande arraigo na cidade e que conta cunha ampla tradición na promoción da cultura urbana, formando parte do programa de festas desta cidade. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da entidade, que ostenta os dereitos de uso da marca.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

Os gastos derivados da organización e desenvolvemento do Festival O Marisquiño 20179, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 1.050.000.00 euros

Que en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Que o Concello de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, polas normas de dereito privado;

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

Que, de conformidade co artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, o Alcalde de Vigo está facultado para asinar o citado convenio.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira da Área de Festas e Turismo e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

“Que se aprrobe o texto do convenio, que se achega no expediente, para a realización dun convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Pontevedra e o Excmo. Concello de Vigo para para coadxuvar ao desenvolvemento do festival ‘O Marisquiño, que terá lugar en Vigo os vindeiros 9, 10 e 11 de agosto, por importe de 181.500,00 euros.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL “O MARISQUIÑO 2019”.

En _____, ___ de _____ de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, Dona María del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, Don Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

E actuando Dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Concello de Vigo, e Don Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Recoñécense mutuamente os comparecentes a capacidade e a representación necesaria para a sinatura do presente convenio de colaboración, e a estes efectos



Concello de Vigo

EXPOÑEN

I.- Que, no exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, con data 20 de novembro de 2015, asinaron un Protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio Protocolo se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen nos que ao presente convenio importan os de promoción da cultura.

II.- Que no devandito Protocolo de colaboración establécese que as distintas actuacións previstas desenvolveranse a través de convenios específicos, cuxa execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes.

III.- Que no apartado III do citado Protocolo expónse que en materia de Cultura o Concello de Vigo desenvolverá accións para potenciar a participación da sociedade no fomento da cultura, en concreto programas e actividades de fomento da cultura. Que o carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Pola súa banda a lexislación vixente en materia de réxime local, concretamente no artigo 31 da Lei 7/1985, encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos.

IV.- Que **“O MARISQUIÑO”**, festival que ven celebrándose en Vigo dende fai 18 anos, consolidouse na oferta actual de festivais, constituíndo unha referencia de carácter internacional no ámbito do deporte e cultura urbanos. A ampla axenda do festival, que inclúe probas deportivas puntuables nos respectivos campionatos mundiais xunto cunha destacable oferta musical, artística e cultural, en combinación coa localización privilexiada no porto de Vigo. “O Marisquiño” atópase incluído no programa “Festivais Rias Baixas” da Deputación de Pontevedra e no programa “Vigo en Festas 2019”.

V.- Que o gran éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns e de difusión da cidade en diversos medios de comunicación nacionais e internacionais xunto coa presenza de deportistas de máis de trinta nacionalidades, así como a retransmisión en streaming das distintas probas e a súa ampla repercusión nas redes sociais, caracterizan **“O MARISQUIÑO”** como unha oportunidade única para a promoción, non só da cidade de Vigo, senón das Rías Baixas e da provincia de Pontevedra. Neste sentido o segmento ao que se dirixe esta oferta, en constante crecemento, non resulta accesible para as canles tradicionais de promoción, tanto por custe como impacto.

VI.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento do Protocolo de colaboración citado anteriormente, que contempla como un dos seus obxectivos estratéxicos o apoio ás iniciativas de fomento de actividades culturais, acordaron aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os comparecentes, con arranxo aos seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para a desenvolvemento da XIX edición do festival “O MARISQUIÑO 2019” que terá lugar os días 9, 10 e 11 de agosto en Vigo.

SEGUNDO.- FINANCIAMENTO DO CONVENIO

As actuacións ás que se refire o presente convenio serán financiadas pola Deputación Provincial, por un importe de CENTO OITENTA E UN MIL CINCOCEUTOS EUROS (181.500,00 euros) IVE engadido, para facer fronte aos gastos relacionados coa XIX edición do festival “O MARISQUIÑO 2019”.

O financiamento realizarase con cargo á aplicación 19/942.9420.462.14 do vixente orzamento provincial.

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1º.- A execución do presente convenio e o seu financiamento pola Deputación Provincial terá lugar co seguinte desglose:

ANUALIDADE	TOTAL
2019	181.500,00

2º.- O Concello de Vigo redactará unha proposta de convenio de colaboración coa empresa Ulisesproyect Eventos Especiales SLU CIF B 36957132 para o festival “O MARISQUIÑO 2019” que se desenvolverá os días 9, 10 e 11 de agosto en Vigo. A antedita empresa ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da marca “O MARISQUIÑO”. A marca atópase debidamente rexistrada na Oficina española de Patentes e Marcas a nome de Carlos Domínguez Fernández, propietario único de Ulisesproyect Eventos Especiales SLU.

O Concello de Vigo remitirá unha copia do texto do convenio á Deputación.



Concello de Vigo

3.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e a hora en que terá lugar a súa sinatura, á que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Corporación provincial.

4º.- A Administración municipal remitira á provincial a xustificación das actuacións recollidas no convenio de colaboración.

5º.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ao responsable do contrato a emisión das ordes e instrucións que procedan.

CUARTO.- COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Vigo obrígase a:

- Redactar unha proposta de texto de convenio, entre o Concello de Vigo e a empresa Ulisesproyect Eventos Especiales SLU para o festival O MARISQUIÑO 2019 que se desenvolverá os días 9, 10 e 11 de agosto, en Vigo. A empresa Ulisesproyect Eventos Especiales SLU ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da marca "O MARISQUIÑO". A marca se atopa debidamente rexistrada na Oficina española de Patentes e Marcas a nome de Carlos Domínguez Fernández, propietario único de Ulisesproyect Eventos Especiales SLU.
- Aprobar o texto do convenio pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) Ley 7/1985, e remitir un exemplar do acordo á Deputación Provincial e máis do convenio.
- Obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Xustificar perante a Deputación as actuacións as que se refire prestacións executadas mediante a presentación da seguinte documentación acreditativa dos gastos:
 - o Copia do acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local e do texto do convenio asinado entre o Concello de Vigo e Ulisesproyect Eventos Especiales SLU para o festival "O MARISQUIÑO 2019";
 - o memoria das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada; informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo;
 - o facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello;
 - o conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada;
 - o memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade;
 - o certificación de pagamento a favor de Ulisesproyect Eventos Especiales SLU asinada polo Tesoreiro do Concello de Vigo;

- o calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ó Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

QUINTO.- COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN

A Deputación de Pontevedra comprométese a financiar os custes derivados do convenio, ata a cantidade máxima de CENTO OITENTA E UN MIL CINCOCENTOS euros (181.500,00 €), IVE incluído, de conformidade co disposto no pacto segundo, que será librada

O pagamento das prestacións obxecto do convenio realizarase, contra a aplicación 19/942.9420.462.14 do vixente orzamento provincial.

A Deputación Provincial someterá o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e Ulisesproyect Eventos Especiales SLU obxecto deste convenio á supervisión e comprobación dos seus servizos técnicos, e se o estima oportuno, poderaos someter á aprobación do órgano de goberno que corresponda, coa finalidade de autorizar as actuacións previstas nos mesmos.

A Deputación prestará a colaboración e facilitará canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e da Resolución Presidencial número 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000 euros.

SEXTO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e informacións relativas á XIX Edición de O MARISQUIÑO, en todos os formatos, figurarán os logotipos da Deputación Provincial de Pontevedra e do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

As accións a desenvolver dentro do festival **O MARISQUIÑO 2019**, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración, do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

SÉTIMO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo total da actividade subvencionada.

OITAVO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio a que este convenio se refire.
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.

- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

NOVENO.- VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución do convenio a que o mesmo se refire, sen que en ningún caso o seu prazo de vixencia poida superar o 31 de decembro de 2019.

DÉCIMO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- 2º.- O acordo unánime dos asinantes.
- 3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

- 4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.
- 6º.- Polo incumprimento das obrigas estipuladas no texto do convenio por parte de Ulisesproject Eventos Especiales, SLU.

UNDÉCIMO.- RÉXIME XURÍDICO.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de



Concello de Vigo

régime xurídico do sector público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado;

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

13(354).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA UNIÓN COMARCAL DA UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT) DE VIGO, PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, E MANTEMENTO ENTRE 01/11/18 ATA 30/09/19.EXPT. 8651/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29/03/19 e o informe de fiscalización do 25/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 11/03/19, asinado polo xefe do Servizo de Participación Cidadá, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data de entrada no Rexistro Web do Concello de Vigo do 13/02/19, D. José Luis Fernández Celis con DNI 34939808W, en calidade de Secretario de Organización e Administración da Comisión Executiva da UGT de Galicia e en nome de Unión Comarcal de UGT de Vigo (CIF: G-15383011), achegou solicitude (doc.190022093), para a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Vigo (Participación Cidadá), para axudar ao financiamento das actividades da entidade, así como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento, realizados entre o 01/11/2018 ata 30/09/2019, mediante unha achega económica de 15.000 €.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

COMPETENCIA MUNICIPAL

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administración de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais no deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

O artigo 25 da LRBL non fai ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, **a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.**

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións, e así, atopamos os seguintes antecedentes mais inmediatos de convenios subscritos coa mesma entidade en anos precedentes: 1085/320 (1999/2003), 2306/320 (2004/06), 3197/320 (2007), 3394/320 (2008), 4354/320 (2009), 4693/320 (2010), 5213/320 (2011), 5793/320 (2012), 6293/320 (2013), 6712/320 (2014), 7141/320 (2015), 7383/320 (2016), 7557/320 (2017) e 8047/320 (2018).

RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

A concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexeráse polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

En cumprimento do disposto nos art. 65.3 da LXS e 26.2 a) da LSG e das Bases de execución do presuposto, apartado 38ª.4.2 das BEP, o texto do convenio que se achega para a súa aprobación contén, a lo menos, os seguintes extremos:

- determinación do obxecto da subvención
- réxime xurídico aplicable
- beneficiarios e modalidade de axuda
- crédito orzamentario
- compatibilidade ou incompatibilidade con outras axudas



Concello de Vigo

- prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario e forma de pago

Polo que se refire aos órganos competentes para a concesión das axudas, si ben, tanto a Lei 38/2003 como a Lei 9/2007, nos seus respectivos artigos 3, contemplan no seu ámbito obxectivo de aplicación, ás entidades locais, ao mesmo tempo, remiten a regulación dos concretos órganos competentes para a concesión das subvencións, no ámbito local, á normativa específica integrada pola lexislación de réxime local (artigos 7.4 da Lei 38/03 e 10.4 da Lei 9/07).

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 19 de xuño de 2015, que no seu apartado 1.3º, dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ao fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados”.

Ademais, en virtude do disposto no apartado 4.18º da resolución da Alcaldía de data 19/06/2015 se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación dos convenios de colaboración que deban subscribirse con entidades privadas, e que teñan por obxecto a concesión dunha subvención municipal que financie en parte unha iniciativa, proxecto ou actividade de interese público municipal que complemente os servizos municipais. Finalmente, o convenio será asinado polo Alcalde ou concelleiro en quen delegue, en representación do Concello de Vigo.

MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA

Segundo o disposto no artigo 22.2.a) la Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento da entidade local. No mesmo senso que o anterior, o artigo 65 do Real Decreto 886/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, sinala que, son subvencións previstas nominativamente nos Presupostos das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do presuposto.

Deste xeito, o vixente exercicio presupostario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida 9240 4800004 “Convenio UXT”, cunha dotación de 15.000,00 €.

Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.

Consultado os arquivos da Oficina de Participación Cidadá, consta que a beneficiaria da subvención, a Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 488/96, segundo Decreto de Alcaldía de data 30/09/96.

OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto do convenio e o fomento das actividades programados pola entidade, mediante a colaboración no financiamento dos gastos xerados por aquelas, así como, de mantemento, directamente relacionados, realizados entre o 01/11/2018 ata 30/09/2019, necesarios para o seu desenvolvemento, actividades que se consideran de interese público, social e económico.

Segundo recolle os arts. 9 dos Estatutos da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Galicia, a Unión Comarcal de Vigo, asume, entre os seus fins e tarefas, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Desenvolvemento e aseguramento do Estado social e democrático de Dereito.
- ✓ Impulsar políticas xerais que afecten ao conxunto da clase traballadora e persigan a mellora e transformación da sociedade.
- ✓ Representar os intereses da clase traballadora na política social, sanitaria e educativa, en materia de emprego, seguridade social, políticas de mercado de traballo e saúde laboral.
- ✓ Exercer unha especial defensa das reivindicacións das mulleres e da mocidade, evitando a discriminación por razón de sexo ou idade.
- ✓ Defender os dereitos das persoas maiores, traballando para garantir a súa suficiencia económica e benestar.
- ✓ Perseguir a integración laboral e social das persoas con discapacidade e das minorías e colectivos marxinados.
- ✓ Promover a integración social das persoas traballadoras e estranxeiras en igualdade de condicións que as galegas.
- ✓ Esixir dos poderes públicos condicións para facer realidade o dereito das persoas traballadoras a gozar dunha vivenda digna e adecuada.
- ✓ Demandar dos poderes públicos unha política orientada ao pleno emprego, e unha distribución da renda rexional e persoal mais equitativa, que garanta o progreso social e económico (...).



Concello de Vigo

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a asociación, nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

O vixente exercicio presupostario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida 9240 4800004 "Convenio UGT", cunha dotación de 15.000,00 €.

DOCUMENTACIÓN

A *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo*, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

1. Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 28/02/2019
 - Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 28/02/2019
 - Seguridade Social, de data 28/02/2019
 - Concello de Vigo, de data 28/02/2019

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Poder notarial conforme o Secretario de Organización e Administración da Comisión Executiva de Galicia, José Luis Fernández Celis está acreditado, en coñecemento da Comisión Executiva da Unión Comarcal de UGT-Vigo, da sinatura do presente convenio.
4. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
5. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).

6. Consulta de verificación de datos. Oposición ou non á consulta por parte do Concello de Vigo a consulta de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social (anexo V).

7. Datos da entidade bancaria (anexo VI).

8. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ACTIVIDADES E ORZAMENTO GASTOS 01/11/2018 ATA 30/09/2019		
Custos salariais	Servizo de Atención Cidadá	14.700,00 €
Xornadas	“Prevención de Riscos Laborais”	650,00 €
	“Prevención de Riscos Laborais-Acoso Laboral”	650,00 €
Mantemento	Gastos correntes	500,00 €
TOTAL		16.500,00 €

9. Contrato de traballo.

10. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil.

11. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

ANTICIPO

Non se contempla a posibilidade de anticipo.

PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do presuposto, no apartado 38^a.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.



Concello de Vigo

Aínda que o convenio desprega a súa vixencia no período comprendido entre a data da súa sinatura e o 30 de setembro de 2019, son gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/11/18 e o 30/09/19, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2019**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

O pago da subvención obxecto deste convenio, se realizará, conforme o artigo 34.3 da LXS, previa a xustificación polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se lle concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da mesma Lei e a Base 38ª.8 das BEP.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES10 0182 5947 120010030140 (BBVA).

NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 40 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.

RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto, de conformidade co art. 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.18 da Resolución de delegacións do Alcalde de data 19/06/15, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4800004, denominada “Convenio UXT”, incluída no vixente orzamento municipal de 2019, a favor do sindicato Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo.



Concello de Vigo

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo (CIF.- G-15383011), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2019, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos xerados por aquelas, así como, de mantemento, directamente relacionados, realizados entre o 01/11/2018 ata o 30/09/2019, necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 15.000 € (quinze mil euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 40 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIÓN COMARCAL DA UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT) DE VIGO, PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, ASÍ COMO, DE MANTEMENTO, DIRECTAMENTE RELACIONADOS, NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO, REALIZADOS ENTRE O 1 DE NOVEMBRO DE 2018 ATA 30 DE SETEMBRO DE 2019

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezanove

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. José Luis Fernández Celis, con DNI 34939808W, en calidade de Secretario de Organización e Administración da Comisión Executiva da UGT de Galicia, con CIF: G-15383011 e domicilio social na Rúa E. Heraclio Botana, 2 / Avda. García Barbón, 67, de Vigo, segundo documentación incorporada ao expte. 8651/320, persoa responsable da sinatura do presente convenio segundo poder notarial presentado o 25/02/2019.

E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, unións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, laborais, informativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc., que inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo, recoñécelle á cidadanía o dereito constitucional a fundar sindicatos e afiliarse ao da súa elección, así como, aos sindicatos de traballadores e asociacións empresariais o de contribuír á defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, nun Estado Social e Democrático de dereito, no que a participación sindical se considera fundamental.

III.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento de políticas sociais de emprego, integración e orientación laboral e de defensa do dereito fundamental ao traballo, no marco do Estado social e democrático de Dereito, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos asistenciais, informativos e formativos ou de integración, así como, a promoción e organización de accións encamiñadas á representación e defensa dos dereitos dos traballadores e a reivindicación de políticas de pleno emprego, sendo a *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo* unha das máis importantes asociacións neste ámbito.

IV.- Que a entidade *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo*, de conformidade co art. 8 dos Estatutos de UXT Galicia, asume, entre os seus fins e tarefas, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Desenvolvemento e asesoramento do Estado social e democrático de Dereito.
- ✓ Impulsar políticas xerais que afecten ao conxunto da clase traballadora e persigan a mellora e transformación da sociedade.



Concello de Vigo

- ✓ Representar os intereses da clase traballadora na política social, sanitaria e educativa, en materia de emprego, seguridade social, políticas de mercado de traballo e saúde laboral.
- ✓ Exercer unha especial defensa das reivindicacións das mulleres e da mocidade, evitando a discriminación por razón de sexo ou idade.
- ✓ Defender os dereitos das persoas maiores, traballando para garantir a súa suficiencia económica e benestar.
- ✓ Perseguir a integración laboral e social das persoas con discapacidade e das minorías e colectivos marxinados.
- ✓ Promover a integración social das persoas traballadoras e estranxeiras en igualdade de condicións que as galegas.
- ✓ Esixir dos poderes públicos condicións para facer realidade o dereito das persoas traballadoras a gozar dunha vivenda digna e adecuada.
- ✓ Demandar dos poderes públicos unha política orientada ao pleno emprego, e unha distribución da renda rexional e persoal mais equitativa, que garanta o progreso social e económico (...).

V.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 30/09/96, a *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo* atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 488/06.

VI.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo* leve a cabo os seus proxectos, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos xerados polas súas actividades, así como, de mantemento, realizados entre o 1 de novembro de 2018 ata 30 de setembro de 2019, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento.

VII.- As actividades programadas pola *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo*, que fundamentan a concesión da subvención son, con carácter xeral, segundo proxecto e orzamento incorporado ao expediente:

ACTIVIDADES E ORZAMENTO GASTOS 01/11/2018 ATA 30/09/2019		
Custos salariais	Servizo de Atención Cidadá	14.700,00 €
Xornadas	“Prevención de Riscos Laborais”	650,00 €
	“Prevención de Riscos Laborais-Acoso Laboral”	650,00 €
Mantemento	Gastos correntes	500,00 €
TOTAL		16.500,00 €

VIII.- Que o Concello de Vigo prevé, do seu vixente orzamento municipal (2019), a partida orzamentaria nº 9240.4800004, denominada “*Convenio Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo*”, nominativa a favor da entidade, cunha consignación presupostaria de 15.000,00 €.

IX.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade para o ano 2019, mediante a colaboración no financiamento dos gastos xerados polas mesmas, así como, de mantemento, directamente relacionados, realizados entre o 1 de novembro de 2018 ata o 30 de setembro de 2019, necesarios para o seu desenvolvemento.

X.- Que a entidade *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo* non incorre en ningunha circunstancia e prohibición recollida no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coa administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

XI.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese público, social, económico, que para a cidade de Vigo, representan as actividades que desenvolve a entidade *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo*, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, no ámbito sociocomunitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo comprométese a colaborar coa concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.



Concello de Vigo

6. As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
7. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.
8. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
9. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
10. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo unha subvención por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria nº 9240.4800004, denominada "Convenio Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo", do vixente orzamento municipal (2018), co obxecto de colaborar ao financiamento dos gastos xerados polas actividades da entidade, así como, de mantemento, directamente relacionados con aquelas, necesarios para o seu desenvolvemento, realizados entre o 1 de novembro de 2018 ata o 30 de setembro de 2019, en definitiva, para o fomento das súas actividades.
2. Respetar a estrutura organizativa da *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo*.
3. Colaborar, no seu caso, na orientación e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.
2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.
3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.
4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa o indirectamente pola "*Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo*" no desenvolvemento das actividades sunvenionadas.

Cuarto.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización, por si mesma, das actividades subvencionadas.

Sétimo.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, última modificación 20 de maio de 2016.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe darlle a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto de subvención, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, con carácter permanente, durante a vixencia do convenio, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades do sindicato entre o 1 de novembro de 2018 ata o 30 de setembro de 2019.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo* mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2019**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través de



Concello de Vigo

sede electrónica do Concello de Vigo , mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas

polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel asinadas dixitalmente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso e horas de formación
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun “x” diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificarse **con copias dixitalizadas asinadas electronicamente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos **documentos xustificativos** relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electronicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as retribucións de persoal xustificaranse mediante:
 - Contrato de traballo
En consecuencia, á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, pola técnica de administración xeral que subscribe, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Proceder, de conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, á corrección do erro material do apartado do apartado primeiro da proposta de acordo para o nomeamento interino de tres auxiliares de administración xeral con cargo ás prazas vacantes da mesma denominación correspondentes á oferta de emprego público 2018, que pasa a contar coa seguinte redacción *“O custo de ditos nomeamentos para o exercicio 2019 imputarase con cargo aos programas orzamentarios 920.4 (dúas prazas) e 932.0 (unha praza), partidas orzamentarias: 120.0400 (soldo base), 121.0004 (complemento de destino), 121.0104 (complemento específico) e 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa)”*

Segundo.- Notificar o presente acordo aos/ás aspirantes nomeados/as, á Directora de ingresos, á Secretaria de goberno local, á Intervención Xeral, ao Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(358).- AUTORIZACIÓN Á FUNCIONARIA CON NP 78436 PARA ASISTENCIA A ASEMBLEA XERAL DA REDE ESPAÑOLA DE TEATROS E VISUALIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS TEATRAIS, EN MADRID, DO 9 AO 11 DE MAIO , EN COMISIÓN DE SERVIZO. EXPTE. 2639/330.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 15/04/19 e o informe de fiscalización do 23/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 09/04/19, asinado pola técnica Media de Actividades Culturais e Educativas, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o Concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, resolveu que pola Área de Cultura se iniciase o expediente necesario para encomendar á funcionaria Marta Núñez Aboy a viaxe a Madrid en Comisión de Servizo, do día 9 ao 11 de maio.

A citada funcionaria, técnica de actividades culturais e educativas, ven desempeñando funcións de programación de música, teatro e danza que desenvolve ao longo do ano o servizo de Cultura, así como a programación estable de artes escénicas que se desenvolve no Auditorio Municipal. Como consecuencia deste feito, a citada funcionaria realiza funcións de xestión da programación de artes escénicas que requiren da visualización previa de espectáculos de cara á súa posible valoración para a programación municipal.

Por outro lado, a citada funcionaria é a representante do Concello de Vigo na Rede Española de Teatros, Auditorios, Festivais e Circuitos de Titularidade Pública da que o Concello de Vigo forma parte como socio desde o ano 2018.

A citada entidade ven de convocar a segunda asemblea anual para o vindeiro día 9 de maio de 2019 en Madrid.

Aproveitando a asistencia á asemblea e para minimizar os custes que suporía ir a Madrid por outro lado para ver espectáculos, e dado que existen ofertas escénicas interesantes nos días seguintes á citada asemblea, considérase de interese aproveitar a viaxe para asistir á representación escénica de varios espectáculos durante as tardes-noite dos días 10 e 11 de maio en distintos teatros da capital.

Debido a que a reunión da rede está convocada para as 10 horas do día 9 de maio, compriría realizar a autorización para realizar a viaxe de ida a tarde anterior e o regreso o domingo 12 de maio. Así pois compriría realizar unha autorización máxima (que se xustificará á volta) de saída o propio día 8 de maio, con posterioridade ás 14 horas e o regreso como máximo o día 12 de maio non posterior ás 15 horas.

Ao non tratarse dun curso, encontro ou foro que se poida considerar como formación, senón dunha reunión de traballo e á visualización de artes escénicas co obxectivo de realizar a posterior programación do servizo de Cultura, debería considerarse como unha viaxe oficial en comisión de servizo.

Estímanse pois uns gastos máximos que se xustificarán posteriormente e que previsiblemente serán inferiores que os estimados no presente informe:

- 130,90 € en concepto de 3 dietas e media de manutención.
- 263,88 € en concepto de 4 dietas de aloxamento.
- 200,00 € en concepto de gastos de transporte (avión e desprazamentos por Madrid).



Concello de Vigo

As dietas se corresponden coa lexislación vixente correspondente aos grupos A2, ao que pertence a citada funcionaria.

Polo exposto, e coa conformidade do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, do concelleiro-delegado da Área de Cultura, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal e da concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

1. Encomendar á funcionaria Marta Núñez Aboy, con nº de persoal 78436 e NIF 36138380K, a viaxe Madrid entre os días 9 e 11 de maio de 2019, en comisión de servizo por tratarse dunha viaxe oficial.
2. Autorizar a saída o día 8 de maio posterior ás 14 horas e o regreso o día 12 de maio non máis tarde das 15 horas.
3. Autorizar os seguintes gastos: 394,78 € en concepto de 3 dietas e media de manutención e 4 de aloxamento, con cargo á partida 3340.230.20.00 "dietas de personal" e 200 € en concepto de transporte e locomoción, con cargo á partida 3340.231.20.00 "locomoción do persoal non directivo".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(359).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO CO CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA "NAS ONDAS 2019". EXPTE. 2523/330.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 02/04/19 e o informe de fiscalización do 25/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 02/04/19, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o Concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

INFORME-PROPOSTA.-

Con data da sede electrónica 6 de febreiro pasado, o Conservatorio Superior de Música presenta escrito de solicitude de subvención para o programa *FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES "NAS ONDAS"* a realizar durante o exercicio 2019; por este motivo, con data 6 de febreiro, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 4.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.12 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

O CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO é un centro educativo dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, creado na nosa cidade no ano 1956, que ademais realiza actividades de tipo cultural abertas a toda a cidadanía, entre elas o programa *FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES "NAS ONDAS"*, que serven como medio de promoción e dinamización da cultura da cidade e que celebra a cuarta edición.

PROGRAMA:

*** Xoves en Cámara**

Do 14 de febreiro ao 14 de marzo

- Vladimir Petrov
- Homenaxe a Poulenc
- Tania Justo&Alba Novoa
- Grisha&Patricia
- Adrian Pais&Javier López

*** Semana do Clarinete**

Do 25 ao 28 de febreiro

- Lorenzo Coppola
- Vítor Matos
- Justo Sanz Hermida

*** Xornadas de Música Antiga**

Do 25 ao 29 de marzo

- Concerto de clave: Variacións Goldberg. Mar Blanco
- Concerto de Ophicleide. Pablo Dopazo
- Actividades do departamento

*** Programa Erasmus +**

- Concertos de profesorado visitante
 - Dúo Fredianelli-Chiti (Italia-piano)
 - Semana de música Serbia (Raffaele D'aniello, Italia-piano)
 - Semana de música Bosnia (do 4 ao 8 de febreiro)
 - Semana de música Serbia (do 11 ao 15 de marzo)
 - Semana de música de Albania (do 18 ao 22 de marzo)



Concello de Vigo

* Saxornadas.

Do 23 ao 25 de abril.

- Clases maxistras a cargo de profesorado convidado
- Concerto: Sax-Inflexion

* Explurart.

Do 29 de abril ao 10 de maio.

- Caspervek+Coro de Cámara Rías Baixas
- Multiplensemble
- Comando Radar
- Proxecto "Morriña"
- Coro do CSM de Vigo: especial musicais
- Aula de Escena Lírica do CSM de Vigo. Representación da ópera "La voz humana" de F. Poulenc
- Trío Percusión Omar

* Semana das Letras Galegas.

Do 13 ao 16 de maio.

- Concerto da Orquestra Sinfónica e Coro. Homenaxe a Andrés Gaos
- Actividades dos departamento de IMTP e EDLG

* Abrente.

Actividades de difusión do CSM de Vigo. De abril a xuño.

- Xornadas de Portas Abertas. Do 8 ao 12 de abril
- III Encontro das agrupacións dos CSM de Galicia. Bandas sinfónicas e coros. Primeira quincena de abril, de martes a venres, máis tres concertos: venres, sábado e domingo
- Saídas de alumnado e profesorado:
 - Concertos do alumnado de Saxofón nos CPM de Ourense, Pontevedra, Castelo-Branco (Portugal), centros de Vigo e Mos e CSM de Badaxoz
 - Participación no "VI Festival de Grupos de Percusión" organizado polo profesor Miguel Castro no CPM de A Coruña.
- Charlas informativas nos Conservatorios Profesionais e centros educativos. Abril
- Clases maxistras nos Conservatorios Profesionais. Abril-maio
- Concerto de agrupacións dos Conservatorios Profesionais de Pontevedra e Vigo
- Música na cidade. Banda Sinfónica do CSM de Vigo e Band Sinfónica do CMUS Profesional de Vigo. Maio

*** Outros actos.**

- Acto de fin de curso: Concertos e entrega de premios dos concursos de Solistas e Música de Cámara; Acto de graduación. 6 de xuño.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 17.000 € (dezasete mil euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 4.000 € (23,50 %)
- Dirección Xeral de centro e recursos humanos: 13.000 € (76,50 %)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do director
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro colectivo da Xunta de Galicia que cubre os riscos de accidentes do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia
- Póliza de seguro rodo risco de danos materiais para todos os ben mobles e inmobles que integran o patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia-Xunta de Galicia
- Escrito do Conservatorio Superior de Música de Vigo de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo ao programa *FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES "NAS ONDAS 2019"*, proposto polo Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo ao Conservatorio Superior de Música de Vigo, para a organización do programa *FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES "NAS ONDAS"*, obxecto do presente convenio, rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o



Concello de Vigo

seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa ao Conservatorio Superior de Música de Vigo deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2019, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo ao Conservatorio Superior de Música de Vigo ten como obxecto financiar a organización da programación *FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES "NAS ONDAS"* para o presente exercicio, figurando na aplicación **3340.480.00.12** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 4.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo ao Conservatorio Superior de Música de Vigo é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 4.000 € (catro mil euros) ao Conservatorio Superior de Música de Vigo , CIF. Q8650014G, para o financiamento do programa FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES “NAS ONDAS 2019”, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.12 “SUBVENCIÓN CMUS”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e o Conservatorio Superior de Música de Vigo que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES “NAS ONDAS 2019”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “NAS ONDAS 2019”

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezanove.

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,



Concello de Vigo

Doutra, D. Esteban Valverde Corrales, na súa condición de director do Conservatorio Superior de Música de Vigo (CIF: Q-8650014-G) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo na rúa Manuel Olivie número 23, CP 36203 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que o **CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO** é un centro educativo dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, creado na nosa cidade no ano 1956, que ademais realiza actividades de tipo cultural abertas a toda a cidadanía, entre elas o programa FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES "NAS ONDAS".

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación do **CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO**, concretamente no programa FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES "NAS ONDAS", como medio que é de promover e dinamizar a cultura da cidade.

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.12, como subvención nominativa, a favor do **CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO**, a cantidade de 4.000 euros.

IV.- Que o **CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa *FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES "NAS ONDAS"* durante o exercicio 2019, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 17.000 € (dezasete mil euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 4.000 € (23,50 %)
- Dirección Xeral de centro e recursos humanos: 13.000 € (76,50 %)

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

*** Xoves en Cámara**

Do 14 de febreiro ao 14 de marzo

- Vladimir Petrov
- Homenaxe a Poulenc
- Tania Justo&Alba Novoa
- Grisha&Patricia
- Adrian Pais&Javier López

*** Semana do Clarinete**

Do 25 ao 28 de febreiro

- Lorenzo Coppola
- Vitor Matos
- Justo Sanz Hermida

*** Xornadas de Música Antiga**

Do 25 ao 29 de marzo

- Concerto de clave: Variacións Goldberg. Mar Blanco
- Concerto de Ophicleide. Pablo Dopazo
- Actividades do departamento

*** Programa Erasmus +**

- Concertos de profesorado visitante
 - Dúo Fredianelli-Chiti (Italia-piano)
 - Semana de música Serbia (Raffaele D'aniello, Italia-piano)
 - Semana de música Bosnia (do 4 ao 8 de febreiro)
 - Semana de música Serbia (do 11 ao 15 de marzo)
 - Semana de música de Albania (do 18 ao 22 de marzo)

*** De Piano**



Concello de Vigo

Do 1 ao 12 de abril

- Concerto de Carlos Varela
- Concerto alumnado Patricia Rejas
- Concerto “A música para piano de George Crumb”
- Concerto “O entorno de Clara Schumann
- Concerto “Música europea entre dous séculos: XIX-XX”
- Concerto “As catro Baladas de Chopin”
- Concerto: Proxecto conxunto do departamento de piano

*** Saxornadas.**

Do 23 ao 25 de abril.

- Clases maxistras a cargo de profesorado convidado
- Concerto: Sax-Inflexion

*** Explurart.**

Do 29 de abril ao 10 de maio.

- Caspervek+Coro de Cámara Rías Baixas
- Multiplenseble
- Comando Radar
- Proxecto “Morriña”
- Coro do CSM de Vigo: especial musicais
- Aula de Escena Lírica do CSM de Vigo. Representación da ópera “La voz humana” de F. Poulenc
- Trío Percusión Omar

*** Semana das Letras Galegas.**

Do 13 ao 16 de maio.

- Concerto da Orquestra Sinfónica e Coro. Homenaxe a Andrés Gaos
- Actividades dos departamento de IMTP e EDLG

*** Abrente.**

Actividades de difusión do CSM de Vigo. De abril a xuño.

- Xornadas de Portas Abertas. Do 8 ao 12 de abril
- III Encontro das agrupacións dos CSM de Galicia. Bandas sinfónicas e coros. Primeira quincena de abril, de martes a venres, máis tres concertos: venres, sábado e domingo
- Saídas de alumnado e profesorado:
 - Concertos do alumnado de Saxofón nos CPM de Ourense, Pontevedra, Castelo- Branco (Portugal), centros de Vigo e Mos e CSM de Badaxoz

- Participación no “VI Festival de Grupos de Percusión” organizado polo profesor Miguel Castro no CPM de A Coruña.
- Charlas informativas nos Conservatorios Profesionais e centros educativos. Abril
- Clases maxistras nos Conservatorios Profesionais. Abril-maio
- Concerto de agrupacións dos Conservatorios Profesionais de Pontevedra e Vigo
- Música na cidade. Banda Sinfónica do CSM de Vigo e Band Sinfónica do CMUS Profesional de Vigo. Maio

*** Outros actos.**

- Acto de fin de curso: Concertos e entrega de premios dos concursos de Solistas e Música de Cámara; Acto de graduación. 6 de xuño.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Esteban Valverde Corrales, director do centro.
- Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.
- Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

- A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre



Concello de Vigo

as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (4.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e



Concello de Vigo

telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 13 de novembro de 2019.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á

subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2019 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.



Concello de Vigo

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2019, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



Concello de Vigo

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ANEXO
ORZAMENTO DO PROGRAMA
FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES “NAS ONDAS” 2019

1.- GASTOS:

• Cartelería	3.375 €
• Gastos e cachés dos participantes	8.975 €
• Traslados de material, montaxe, desprazamentos e outros gastos	4.650 €
TOTAL GASTOS	17.000 €

2.- INGRESOS:

• Concello de Vigo	4.000 €
• Dirección Xeral de centro e recursos humanos	13.000 €
TOTAL INGRESOS	17.000 €

19(360).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO COA FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA, PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMA DE CONCERTOS DURANTE O EXERCICIO 2019. EXPTE. 2524/330.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 02/04/19 e o informe de fiscalización do 26/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 02/04/19, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o

Concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 23 de xaneiro pasado, a asociación Fundación Coral Casablanca presenta na sede electrónica solicitude de subvención e a documentación ao respecto; por este motivo, con data 5 de febreiro, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización e realización do do programa de concertos de 2019, e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 23.500 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.03 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A Fundación Coral Casablanca é unha entidade sen ánimo de lucro adicada ao fomento e divulgación da música coral, en particular, e doutras artes escénicas en xeral no ámbito de Vigo e a súa comarca.

PROGRAMA:

Mércores 28 de novembro de 2018, 19:00 h

40º Aniversario Prensa Ibérica

Escaleira Marco

Venres 14 de decembro de 2018, 20:15 h

Concerto de Nadal

Igrexa San Miguel

Sábado 15 de decembro de 2018, 20:30 h

6º Concerto de Nadal coros filiais

Teatro Afundación Vigo

Sábado 22 de decembro de 2018, 20:30 h

61º Concerto de Nadal

Teatro Afundación Vigo

Venres 22 de febreiro de 2019, 20:30 h



Concello de Vigo

Concerto benéfico a beneficio de Damas Concepción, Discamino, Teavi e Harambee

Teatro Afundación Vigo

Sábado 11 de maio de 2019, 20:30 h

Concerto de Primavera

Teatro Afundación Vigo

Domingo 8 de xuño de 2019, 20:30 h

Concerto de Coros filiais

Teatro Afundación Vigo

Domingo 4 de agosto de 2019, 12:00 h

Concerto Cristo da Victoria

Concatedral de Santa María

Sábado 19 de outubro de 2019, 20:30 h

37º Memorial Camilo Veiga

Teatro Afundación Vigo

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 76.950 € (setenta e seis mil novecentos cincuenta euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 23.500 € (30,54 %)
- Aportación de socios: 23.450 € (30,47 %)
- Aportación da entidade: 18.000 € (23,40 %)
- Ingresos por taquilla: 12.000 € (15,59 %)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud de subvención

- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do Presidente
- CIF da Asociación
- Estatutos da Asociación
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Facenda
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Capacidade legal do presidente da entidade
- Certificado exención de iva
- Escrito remitido pola Fundación Coral Casablanca de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo ao programa de concertos 2019, proposto polo Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á asociación Fundación Coral Casablanca, para a organización do programa de concertos 2019, obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Fundación Coral Casablanca deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2019, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na



Concello de Vigo

concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.


Subvención Concello de Vigo	37.000 €
TOTAL INGRESOS	37.000 €

22(363).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DA ASISTENCIA DO FUNCIONARIO CO NP 81945 A CURSO NA ESCUELA NACIONAL DE PROTECCIÓN CIVIL, EN MADRID, DENDE O DÍA 6 E ATA O 10 DE MAIO DE 2019. EXPTE. 157/2131.



Concello de Vigo

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 29/04/19, asinado polo xefe da Área de Seguridade e Mobilidade e polo concelleiro-delegado da Área, que di o seguinte:

Na ENPC en Madrid, realizarase entre os días 6 a 10 de Maio actual, un “Curso de medidas preventivas estruturais e non estruturais fronte a riscos naturais. Análises de cartografía y sistemas de alerta tempéрана”, o que considero necesario a asistencia do persoal deste Servizo de Bombeiros adscrito ao departamento de Prevención, con fin de poder mellorar e capacitar sobre as medidas aplicadas para a prevención e mitigación do impacto de fenómenos naturais, que podan levar risco para bens e persoas. estímase necesario a participación no mesmo do funcionario indicado, redundando os coñecementos que se adquiran na mellora da calidade do servizo que se presta por parte do SPEIS de Vigo

Polo exposto, se emite a seguinte proposta,

1º Autorizar a asistencia a Escuela Nacional de Protección Civil dende o día 6 e ata o 10 de maio de 2019, ao funcionario Daniel Cabaleiro Novelle, NIF:77000590V.

2º Autorizar o abono dos gastos derivados da asistencia que se estiman en **922,62€**, consistente en gastos locomoción e dietas que se abonarán con cargo as partidas 13602312000 “Locomoción persoal non directivo” e 13602302000 “Dietas persoal”.

Na resolución de 13/05/2015 contéplase o devengo dos gastos correspondentes polos desprazamentos a realizar, nos termos do previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, e normativa de concordante aplicación, seguíndose a tal efecto o previsto nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para cada exercicio económico, e as previsións do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

A Base 36 das vixentes Bases de Execución dos Orzamentos Municipais, baixo o epígrafe “Indemnizacións por razón de servizo”, dispón que:

“As axudas de custo a percibir polos membros da Corporación, funcionarios/as e demais persoal do Concello para satisfacer os gastos que orixine o desprazamento e a estancia fóra da residencia oficial adaptaranse ao disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio e disposicións complementarias”

/.../

“Os funcionarios/as e demais persoal do Concello poderán ser resarcidos dos gastos de locomoción e manutención que por razón do servizo se vexan obrigados a realizar dentro do termo municipal.

No día de saída poderanse percibir gastos de aloxamento pero non gastos de manutención, salvo que a hora fixada para iniciar a comisión sexa anterior as catorce horas, en que se percibirá o 100 % de ditos gastos, porcentaxe que se reducirá ao 50 % cuando dita hora de saída sexa posterior as catorce horas pero anterior ás 22 horas.

No día de regreso non se poderán percibir gastos de aloxamento nin de manutención, salvo que a hora fixada para concluir a comisión sexa posterior as 14 horas, en cuxo caso percibiráse, con carácter xeral, únicamente o 50% dos gastos de manutención.”

Utilización de vehículos particulares e outros medios especiais de transporte.

Si ao autorizar a comisión de servicio no se determinase expresamente o medio de transporte, o comisionado poderá emplear os medios regulares dispoñibles, de acordo co previsto no Real Decreto 462/2002.

Cando, excepcionalmente, así se determine no acordo, poderase utilizar vehículos particulares ou outros medios especiais de transporte nos casos previstos na normativa en cada momento vixente.

Cando a orden da comisión o autorice, serán así mesmo indemnizables como gastos de viaxe, una vez xustificadas documentalmente, os gastos de desplazamento en taxi entre as estacións de ferrocarril, autobuses, porto, CONFORME, O CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE ORZAMENTOS E FACENDA (Decreto e Acordo XGL de 19/06/2015).- Jaime Aneiros Pereiras e aeroportos e o lugar de destino da comisión ou lugar da residencia oficial, según se trate de ida ou volta, respectivamente, así como os correspondentes a xestións ou dilixencias, en dito lugar, relacionadas co servicio de que se trate”.

Nos termos do recollido no artigo 9 e Anexo I do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, e a Base 36 das Bases de execucion dos Orzamentos Municipais para o vixente exercicio económico, estímase unha cantidade total de **922,62 €**, desglosada do seguinte xeito:

Dietas en concepto de aloxamento e manutencion	- Día de saída (6/05/2019): 77,13€ correspondentes a 1 dieta completa de aloxamento e manutención, por ter lugar a saída con anterioridade ás 14:00h.	77,13 euros
	- Días intermedios (7/05/2019 ata 9/05/2019): 231,39 €, correspondentes a dietas completas de aloxamento e manutención.	231,39 euros
	- Día de regreso (10/5/2019): 14,10 euros correspondentes a 1/2 dieta de manutención ao rematar a comisión con posterioridade ás 14h)	14,1 euros
Desprazamentos		



Concello de Vigo

	Avión	400 euros
	Taxi/autobús/metro/aparcamento	200 euros
TOTAL		922,62 euros

O desglose dos gastos susceptibles de xenerarse nos termos do recollido no artigo 9 e Anexo I do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razón do servizo, e a Base 36 das Bases de execucion dos Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico, contense nos cadros anteriores, sendo necesaria unha contía total aproximada de **922,62 €**, en función da variabilidade do precio dos voos en liña aérea regular, clase turista/económica.

Do cal se deixa constancia aos efectos oportunos en relación co expediente administrativo de referencia.

Competencias:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competencias efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Autorizar a asistencia a Escuela Nacional de Protección Civil dende o día 6 e ata o 10 de maio de 2019, ao funcionario Daniel Cabaleiro Novelle, NIF:77000590V, con nº de persoal 81945, a celebrar en Madrid entre os vindeiros 6 a 10 de maio de 2019, dado o interese para a actividade do SPEIS de Vigo na adquisición dos coñecementos relatados nos obxectivos do curso

SEGUNDO.- Autorizar o abono dos gastos a favor do funcionario Daniel Cabaleiro Novelle, NIF:77000590V, con nº de persoal 81945, derivados da asistencia que se estiman en **922,62€**, consistente en gastos locomoción e dietas que se abonarán con cargo as partidas 13602312000 "Locomoción persoal non directivo" e 13602302000 "Dietas persoal" correspondentes aos gastos de manutención e aloxamento.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución á Intervención Xeral Municipal para o seu trámite.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(364).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POLO PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DE “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA ABADE JUAN DE BASTOS-MATAMÁ”. EXPTE. 234/441.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16/04/19 e o informe de fiscalización do 23/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 15/04/19, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario , o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- A empresa Consultoría de Ingeniería y Empresa SL (B15200769), en execución de contrato menor de servizos para redacción de proxectos de renovación da pavimentación e mellora do drenaxe de viarios das parroquias de Vigo, proxecto de “Construcción de beirarrúas na rúa Abade Juan de Bastos-Matamá”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira.

2.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 18.12.18, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 20 de decembro de 2018, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 28.01.2019 aprobou o proxecto de “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA ABADE JUAN DE BASTOS - MATAMÁ”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS CINCO MIL SESENTA E SETE EUROS CON VINTE E UN CÉNTIMOS (205.067,21 €) e data xuño de 2018, e con sinatura dixital de 05/12/2018 . (Expte. 4025-443).

3.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria de 26 de decembro de 2018 recolle dentro do programa 1532 “Pavimentación de vías públicas” a aplicación orzamentaria 1532.619.00.06 (Mellora de infraestruturas en parroquias).

4.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm 4025-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 28 de xaneiro de 2019 de cuxa execución se trata. En dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas de execución da obra.

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión 28.01.2019, que se corresponde co expediente administrativo 4025-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Francisco José Fidalgo Longueira, asinado dixitalmente en data 5 de decembro de 2018.



Concello de Vigo

- b) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe do Servizo de Vías e Obras e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento en datas 8 e 11 de febreiro de 2019 respectivamente.
- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro de Área de Fomento, Limpeza e Contratación de data 11 de febreiro de 2019.
- d) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos de data 20 de febreiro de 2019.
- e) Declaración responsable do redactor do Prego de Prescricións Técnicas, de data 11 de marzo de 2019, respecto ao cumprimento das regras para o establecemento de prescricións técnicas ao abeiro do artigo 126 da LCSP.
- f) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 15.04.2019
- g) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 15.04.2019
- h) Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 15.04.2019

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica, financeira, técnica e profesional (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 18.12.2018).

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non

afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición adicional 2ª. 4 da LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA ABADÉ JUAN DE BASTOS - MATAMÁ", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS CINCO MIL SESENTA E SETE EUROS CON VINTE E UN CÉNTIMOS (205.067,21 €) e data xuño de 2018, e con sinatura dixital de 05/12/2018.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 15.04.2019

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de "DOUSCENTOS CINCO MIL SESENTA E SETE EUROS CON VINTE E UN CÉNTIMOS" (205.067,21 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 35.590,18 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria orzamentaria 1532.619.00.06 (Mellora de infraestruturas en parroquias).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(365).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA TERCIO DE AFORA". EXPTE. 4195/443.

Visto o informe de fiscalización do 25/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 24/04/19, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de



Concello de Vigo

Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado da Área de Fomento Contratación e Limpeza, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 18.11.16, resolveu autorizar o gasto para para redacción dun proxecto de humanización da rúa Tercio de Afora a prol da empresa Urbing Proyectos de Urbanismo e Ingeniería Civil S.L. (B36982510).

II.- A empresa Urbing Proyectos de Urbanismo e Ingeniería Civil S.L. presenta proxecto de **"HUMANIZACIÓN DA RÚA TERCIO DE AFORA"**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos D. Julio Roberes De Cominges, cun orzamento base de licitación máis IVE de 274.019,36 euros.

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 05.04.2019, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, na mesma data, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación desenrólase na rúa Tercio de Aforo e consisten as obras a executar as que se enumeran a seguir:

- Previamente procederase a retirada, de mobiliario existente, así como farois de alumado, sinalización e demais elementos que existen na vía pública.
- Proponse a renovación total de muretes existentes e pavimento, para o que prevese a escavación completa da zona de rodaxe, a continuación procederase a escavación de gabias para a renovación completa do servizo de saneamento a base de colectores de PVC Ø 315 y 400, serie SN-4, cos seus correspondentes pozos de rexistro de formigón prefabricado tapas e conexión a os edificio existentes, nova instalación de abastecemento a base de rede soterrada de fundición dúctil de Ø 100. clase 40 incluso p.p, de arquetas e de conexión e rexistro conexión a edificios, e canalizacións correspondentes a alumado público e rede de B.T.e telecomunicacións coas seccións e material definidos no proxecto coas súas correspondentes arquetas asentados sobre lecho de material granular compactado, posterior recheo de gabias.
- Unha vez efectuada a escavación e colocadas a canalización soterradas procederase a nivelación do terreo, subministro de zorra artificial compactada de un espesor aproximado de 15 cm. soleira de formigón HM-20/P/20/I, de uns 15 a 20 cm., de espesor coas correspondentes xuntas de dilatación, posterior acabado a base de pavimento continuo de formigón armado de 15 cm HA-25/P/20/IIA, con malla electrosoldada, estendido vibrado e fratasado mecánico, con bandas de baldosa de granito de 60*40*10 cm.
- Zona peonil a base de pavimento, baldosas de granito pezas de 60*40*6 cm., asentadas con morteiro de cemento sobre soleira de formigón, e pavimento de

adoquín de 14*14*10, en zonas de acceso de carruaxes, sobre soleira de formigón co seu correspondente colocación de bordo de granito e peldaño de pezas graníticas nas zonas de conexión e separación entre zonas peonís e de circulación asentadas sobre soleira de formigón.

- Finalización do vial a base de renovación de luminarias exteriores, renovación de sinalización e mobiliario, paleiras, e formación de xardineiras coa correspondente rede de rego e vexetación, segundo a definición do proxecto.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de TRES (3) meses.

V.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asis. Municipal emite en data 22.04.2019 informe, indicando o seguinte:

“Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.”

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa



Concello de Vigo

técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o proxecto de **“HUMANIZACIÓN DA RÚA TERCIO DE AFORA”**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos Julio Roberes De Cominges, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS SETENTA E CATRO MIL DEZANOVE EUROS CON TRINTA E SEIS CÉNTIMOS (274.019,36 EUROS), con sinatura dixital de data 16.04.2019.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(366).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA RONDA DE DON BOSCO”. EXPTE. 160/441.

Visto o informe xurídico do 29/04/19, e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta de 29/04/19 asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- A empresa Pablo Menéndez S.L.U., en execución de contrato menor de servizos para redacción de proxecto de humanización da Rúa Ronda de D. Bosco, dende a Rúa Progreso ata o Rúa Velázquez Moreno, e entre a Rúa Eduardo Iglesias e o Paseo de Granada, presenta proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA RONDA DE DON BOSCO”, redactado polo arquitecto D. Pablo Menéndez Paz.

2.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 23.11.18, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 26.11.2018, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 29.11.2018 aprobou o proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA RONDA DE DON BOSCO", redactado polo arquitecto D. Pablo Menéndez Paz, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN OITOCENTOS CINCUENTA E DOUS MIL DOUSCENTOS TRINTA E OITO EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (1.852.238,72€) e sinatura dixital de data 23.11.2018. (Expte. 3700-443).

3.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria de 26 de decembro de 2018 recolle dentro do programa 1532 "Pavimentación vías públicas" a aplicación orzamentaria 1532.619.00.04 (HUMANZ. RONDA DON BOSCO).

4.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm 3700-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 29.11.2018 de cuxa execución se trata. En dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas de execución da obra.

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión 29.11.2018, que se corresponde co expediente administrativo 3700-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo arquitecto D. Pablo Menéndez Paz.
- b) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe do Servizo de Vías e Obras e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento en data 11 de febreiro de 2019.
- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro de Área de Fomento, Limpeza e Contratación de data 11 de febreiro de 2019.
- d) Declaración responsable do redactor do Prego de Prescricións Técnicas, de data 4 de abril de 2019, respecto ao cumprimento das regras para o establecemento de prescricións técnicas ao abeiro do artigo 126 da LCSP.
- e) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos de data 9 de abril de 2019.
- f) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 29 de abril de 2019.
- g) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 29 de abril de 2019.
- h) Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 29 de abril de 2019.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo,



Concello de Vigo

é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica, financeira, técnica e profesional (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 23.11.2018).

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición adicional 2ª. 4 da LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA RONDA DE DON BOSCO", redactado polo arquitecto D. Pablo Menéndez Paz, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN OITOCENTOS CINCUENTA E DOUS MIL DOUSCENTOS TRINTA E OITO EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (1.852.238,72€) e sinatura dixital de data 23.11.2018.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 29 de abril de 2019.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de "UN MILLÓN OITOCENTOS CINCUENTA E DOUS MIL

DOUSCENTOS TRINTA E OITO EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (1.852.238,72 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 321.462,92 €.

Trátase dunha obra de carácter plurianual. Para a súa financiación, aplicaranse o créditos do orzamento do Concello de Vigo dos anos 2019 e 2020, na aplicación orzamentaria 1532.619.00.04 do orzamento municipal (humaniz ronda don bosco), coa seguinte distribución por anualidades:

2019: 600.000,00€

2020: 1.252.238,72€

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 208,71%

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

26(367).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MOBILIARIO DA SALA DE LECTURA-BIBLIOTECA DE NAVIA. EXPTE. 20266/240.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta da proposta formulada pola Mesa de Contratación en sesión do 30/04/19, que di o seguinte:

9.- Propostas de clasificación/clasificación



Concello de Vigo

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario da sala de lectura-biblioteca de Navia (20.266-240)

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario da sala de lectura-biblioteca de Navia (20.266-240) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Prezo do contrato
1	KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L.	41.681,02 €
2	CRITERIO EQUIPAMIENTO E INSTALACIONES, S.L.	51.565,12 €
3	SOLIDA SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.	53.880,09 €
4	SPIRAL CONTRACT, S.L.	56.937,76 €

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba precedente proposta.

27(368).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO DA PORTA DO SOL E HUMANIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN DA ACTUAL REDE VIARIA”. EXPTE. 3517/443.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2/05/19, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Con data 14 de decembro de 2016 publicouse no Boletín Oficial do Estado (nº 301) a Resolución do 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020 (Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro), na cal, entre outros extremos, CONCEDESE de forma definitiva axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominada "VIGO VERTICAL", por un importe de 15.000.000,00 €.

II.- O proxecto EDUSI VIGO VERTICAL, ten como obxectivo principal impulsar a transformación da área seleccionada en termos físicos, ambientais, económicos, sociais e culturais, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana, polo cal a dita estratexia, segundo a Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas HAP/2427/2015, constitúe o marco para a posterior selección por parte das Entidades beneficiarias das operacións a desenvolver na cidade ou na área definida en cada caso.

III.- En execución deste proxecto EDUSI VIGO VERTICAL, e como unha das actuacións do mesmo, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 22.06.2017, acordou adxudicar o procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto para a execución das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil do dito ámbito viario, a cofinanciar polo FEDER (4.468-440), a prol da empresa UTE GOC, S.A.-CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L.

IV.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 26 de decembro de 2018 recolleu dentro do capítulo VI, a aplicación orzamentaria 1539.619.00.03 "DUSI PORTA DO SOL, OT4, LA:7,8,10,12,13,14,1a ANUA".

V.- A empresa UTE GOC, S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L. presentou, trala fase de supervisión do borrador, o proxecto, obxecto deste informe, de **"SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO DA PORTA DO SOL E HUMANIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN PEONIL DA ACTUAL REDE VIARIA"** redactado polo equipo técnico multidisciplinar de UTE GOC, S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L. e asinado polo Arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo e polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. José Ramón Fernández Ceballos.



Concello de Vigo

VI.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento, en data 24.05.2018, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

VII.- Proponse unha actuación no eixo Policarpo Sanz -Porta do Sol - Elduayen que inclúe o aproveitamento da estrutura do aparcamento existente na Porta do Sol, co obxectivo de liberar a superficie da Porta do Sol do tráfico rodado, desviándoo mediante un túnel subterráneo, priorizando así o uso e goce dos peóns na área de Porta do Sol.

Consisten as obra a executar no enumerado a continuación:

- Construción dun túnel de dous carrís de 3,50 m de ancho cada un, zona de mediana e beirarrúas a ambos os dous lados de 0,50 m, gálibo vertical de 4,20 m e unha boca de entrada única na rúa Policarpo Sanz e dúas bocas de saídas independentes para cada carril na rúa Elduayen, todas elas con pendentes próximas ao 14 %.
- O túnel proxectado execútase practicamente na súa totalidade entre pantallas de micropilotes, sendo necesaria a demolición da estrutura do antigo aparcamento de Porta do Sol, do cal se mantén a súa utilidade na totalidade da planta inferior.
- Creación de 8.000 m² de espazo público peonil, dotado de zonas verdes e mobiliario urbano, con elementos singulares como un estrado-escenario, unha réplica das illas Cíes ou unha maqueta tifolóxica para persoas con visibilidade reducida na que se mostra a configuración do novo espazo público.
- A ordenación do ámbito peonil complétase coa execución dunha rampla mecánica na rúa Carral que facilita a mobilidade peonil vertical e que continúa co itinerario que seguen as actuais escaleiras mecánicas de subida desde Porta do Sol á área do edificio do Concello.
- A execución se completa coa reposición e construción de redes de servizos urbanos como iluminación pública, gas, electricidade, telecomunicacións, saneamento e abastecemento na rúa Elduayen e Porta do Sol, así como a afección parcial na parte final do aparcamento de Policarpo Sanz para a execución da rampla de acceso situada nesa rúa.
- Ademais será necesaria a reordenación da mobilidade no ámbito de actuación, tráfico peonil e motorizado, paradas e recorrido das liñas do autobús urbano, carga e descarga, recolocación das paradas de taxis, estacionamento de motocicletas e bicicletas.

O prazo estimado para a execución do proxecto descritas é de 24 meses.

VIII.- Consta no expediente administrativo de referencia resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 20/09/2018, autorizando o proxecto de soterramento do tráfico rodado na Porta do Sol e a humanización peonil da actual rede viaria coas seguintes

condicións:

- A construción da escaleira mecánica cuberta na rúa Carral deberá axustar a sección dos perfís metálicos á mínima imprescindible e empregarse unha cor gris mate nos tons do contorno

“- De conformidades co disposto na Resolución do 16.05.18:

- Cómpre facer unha escavación en área no ámbito da muralla do século XVII, dentro dos límites da obra, co gallo de rexistrar a traza e características dos escasos restos que poidan quedar e avaliar a súa afección polo traballos proxectados que, de ser o caso, poderán ser condicionados ou modificados nesa zona, en relación á conservación de dílos restos.
- Deberán realizarse baixo control arqueolóxico o resto das obras de escavación previstas no proxecto de enxeñería, coa finalidade de poder documentar, de xeito exhaustivo, tanto as estruturas exhumadas nas sondares executadas (de época contemporánea, século •XIX), como todas aquelas que poidan aparecer no transcurso do control; así como as secuencias estratigráficas e a súa interrelación. Incluirase neste control o rexistro da estrutura chamada "o Pasadizo" e a nova canalización prevista na rúa Alta.
- En consecuencia, antes do inicio dos traballos se deberá presentar, para a súa autorización, un proxecto de intervención arqueolóxica que poderá unificar ambas actividades (escavación e control arqueolóxico). Dita proxecto deberá estar asinado por técnico competente e cumprir os requisitos esixidos no Decreto 199/97, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia”.

XIX.- A Enxeñeira Técnica Industrial Municipal, o Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Municipal e o xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emiten en data 30.04.2019 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“Xa que a contía do proxecto é superior a 500,000 euros polo tanto este informe ten carácter preceptivo. Art. 235 da lei 9/2017.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son custes xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a



Concello de Vigo

elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- A obra desenvólvese na contorna do xacemento medieval do Casco Vello e do edificio da rúa Policarpo Sanz núm. 1, que forman parte do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, e conta coa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 20/09/2018.

IV.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

V.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

VI.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de **“SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO DA PORTA DO SOL E HUMANIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN PEONIL DA ACTUAL REDE VIARIA”** redactado polo equipo técnico multidisciplinar de UTE GOC, S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L. e asinado polo Arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo e polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. José Ramón Fernández Ceballos, cun orzamento base de licitación máis IVE de DEZASEIS MILLÓNS NOVECENTOS NOVENTA E SEIS MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS con VINTE E TRES CÉNTIMOS (16.996.554,23 €) e con sinatura dixital de datas 29 e 30 de abril de 2019.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(369).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez